

***A LOITA DO PÚLPITO  
CONTRA O PERIÓDICO:  
A PRESENZA DE  
MODALIDADES EXPRESIVAS  
DIALOGADAS NOS TEXTOS  
GALEGOS DE INICIOS  
DO SÉCULO XIX***

Rosa Aneiros Díaz

Xosé López García



O modelo de discurso xornalístico depende directamente da función para a que foi concibido. Así, a evolución da estrutura da mensaxe vén condicionada ao longo dos séculos polos distintos públicos aos que foi destinada e, tamén, polos propios condicionantes históricos da época en que se engloba. Pasamos do xornalismo de opinión do século XIX, marcado pola propaganda de diversas ideoloxías políticas, ao máis pretendidamente informativo da primeira metade do século XX e, posteriormente, ao periodismo interpretativo. Son diferentes maneiras de contar nas que inflúen aspectos moi diversos, entre eles, a intención do promotor, o soporte, a área de distribución, o tipo de difusión, a época histórica e, fundamentalmente, o destinatario ao que vai dirixido.

Así pois, antes dos medios impresos concibidos como prensa propiamente dita na que existe un tratamento da actualidade, unha intención comunicativa por parte do emisor, unha periodicidade concreta e un público receptor, existen outros moitos escritos cuxa funcionalidade é, principalmente, comunicativa. Neste estudo concreto achegámonos a textos escritos en galego nas primeiras décadas do século XIX que, malia careceren do aspecto da periodicidade explícita, ofrecen riscos salientables dende o eido da comunicación. A función propagandística de moitos documentos, a intención manifesta dos autores de que eses textos sexan difundidos cuns obxectivos claros para a concienciación do público, a difusión da mensaxe e os apelativos dirixidos ao receptor son algunhas das características que nos obrigan a situar estes primeiros textos en galego nas orixes do noso protoxornalismo. Non se trata de cabeceiras propiamente ditas pero a comunicación está presente cunha caracterización que evoluciona segundo o obxectivo da mensaxe e a época en que se circunscribe.

Os modelos discursivos que a continuación analizamos responden ás necesidades do emisor e, neste proceso, o valor da lingua galega resulta clave. O abano de tipoloxía de mensaxes é diverso. O volume *Papés d'emprensa condenada*, que recolle

gran parte da escrita galega entre 1797 e 1846 (á que hai que sumar estoutra que se engade nesta edición), é boa mostra disto. Así, atopamos o enalzamento dos valores patrios fronte aos franceses, presentes en textos dialogados e poemas que chaman á loita contra os invasores galos. Aparecen diálogos creados polos liberais para avogar pola causa constitucional, pola redución do poder do clero e pola libre constitución dos concellos. Aparecen diálogos creados polos absolutistas para criticaren a libertinaxe dos liberais, a aldraxe á que someten os cregos e a súa falta de valores morais. Aparecen mostras dunha poesía áulica que gaba as figuras monárquicas e motiva o pobo á súa admiración. Aparecen frases e artigos comunicados inseridos na prensa galega escrita en castelán que figuran asinados por labregos e dos que, pola contra, coñecemos —nalgúns casos e sospeitamos noutros— a súa autoría culta. Aparecen, en definitiva, diversas modalidades expresivas en galego para relatarnos o periplo polos avatares sociopolíticos que sacudiron a Galicia de inicios do século XIX. A súa importancia comunicativa resulta crucial pola vontade manifesta dos promotores de divulgaren información e influíren con ela no estado de opinión dunha poboación cada vez máis protagonista no desenvolvemento dos acontecementos históricos.

Cada modalidade expresiva contempla unha finalidade diferente auspiciada por persoas de diversa índole pero, en xeral, os textos do século XIX ofrécennos creadores e públicos que proceden de diferentes ámbitos sociais. Deste xeito consideramos que, na maioría dos casos, trátase de redactores cultos, unha minoría letrada en castelán, que emprega o vehículo da lingua galega para dirixirse a unha maioría poboacional analfabeta e galegofalante. A dicotomía existente entre as condicións sociais do emisor e do receptor provoca que os intereses dun e doutro non sexan coincidentes e mesmo sexan opostos. Algúns autores chegan incluso a falar dun claro abismo entre promotores de periódicos a inicios do século XIX e a opinión pública dominante<sup>1</sup>. Os emisores, pertencentes a clases con recursos, son

---

<sup>1</sup> “En Galicia, a juzgar por la 1ª época de *El Sensato*, comprendieron que a la vuelta de la independencia se les habrían escapado de las manos todos los privilegios sociales. Así se explican los incordiantes e injuriosos libelos —incluso conspiraciones del clero—, papeles y carteles que se enviaban a las redacciones de los periódicos más vanguardistas y que acabarían por transformarlos; y así se explica la aparición de diarios oficiales como la *Gaceta instructiva* y la *Gaceta Política*, que además defendían la institución eclesiástica tradicional. Y así se explica que nacieran a la sombra de estos diarios, otros como *El Diario Polémico-Religioso* y la *Gaceta de Galicia*, que muy al contrario de la opinión pública, abogan incesantemente por criterios ideológicos ancestrales, esto es, la monarquía absoluta y la religión católica, siendo el ánimo de la época el liberalismo moderado de las Cortes Constituyentes”: Fernández Pulpeiro, 1981, p. 77-78.

escasos e utilizan habitualmente para o rexistro culto escrito a lingua castelá. Porén, nas primeiras décadas do século XIX encontramos algúns promotores que, coñecendo a barreira lingüística que supón o descoñecemento do castelán pola maior parte do seu público obxectivo, deciden facer uso da lingua maioritaria, o galego, para difundir a súa mensaxe. Con todo, non abonda co uso do galego escrito para chegar á poboación porque estes textos teñen que ser entendidos por persoas que non saben ler. Para superar esta eiva, estes promotores deciden utilizar uns modelos expresivos que faciliten a lectura en voz alta e motiven á conversación. Non se trata só de que sexan reproducidos senón de que inciten ao debate e, para iso, preséntanse como diálogos ficticios de pretendida aparencia real. A busca da verosimilitude reflíctese a través de textos ateigados de referencias de tipo escénico, acontecementos políticos coetáneos e citas de personaxes da vida pública da época que procuran unha empatía co receptor. A finalidade propagandística resulta máis que evidente pola temática abordada e polo ton dialéctico de gran parte dos textos escritos en galego na primeira metade do século XIX.

A transmisión canalízase, na maior parte dos casos, oralmente, dada a súa eficacia comunicativa (non esquezamos o éxito dos cantares de cego e dos vilancicos da época, que mesmo se acompañaron de música para favorecer a súa difusión). Isto provoca que os trazos de oralidade que podemos atopar na escrita resulten fundamentais para comprender a finalidade da súa mensaxe e a caracterización do seu público obxectivo.

Dende o punto de vista da comunicación, cada forma de contar reflicte o valor da escolla dese modelo discursivo en relación co obxectivo da mensaxe e dos receptores. En liñas xerais podemos dicir que as composicións poéticas da época gardan características moi semellantes. En canto ao contido salienta o carácter informativo e laudatorio, a función pedagóxica de cara á opinión pública e a motivación á poboación para a participación en acontecementos de carácter político ou social. A conflitividade da época é especialmente sensible a estas producións poéticas e provoca que as temáticas aborden a cotío cuestións de fonda rivalidade política. No que se refire á forma, resulta significativo o emprego do romance, unha forma poética popular que facilita a memorización e posterior reprodución dos textos; o uso da lingua galega, vehículo habitual de comunicación da maior parte da poboación; e a utilización de apelativos e preguntas retóricas que se dirixen directamente do receptor.

Pero, a pesar da importancia comunicativa destes romances e décimas, centrarémonos neste texto unicamente nos casos de artigos comunicados e fórmulas dialogadas (autodenominadas *tertulias*, *diálogos*, *parolas*, *coloquios*), aparecidas tanto en cabeceiras periódicas como en publicacións de seu. A súa novidade e a súa pegada na evolución xornalística galega fai que optemos por estas modalidades expresivas como principal obxecto de estudo.

## A PRENSA PERIÓDICA: OS ARTIGOS COMUNICADOS EN LINGUA GALEGA

A primeira metade do século XIX é o momento da grande eclosión da prensa en España. As trifulcas políticas provocan a saída de centos de cabeceiras nas que a pugna polo poder se pon de manifesto. Cómpre indicar que estamos nunha fase preindustrial do xornalismo en que as tiraxes, difusión de exemplares, dispoñibilidade de medios técnicos e de instrumentos de traballo é moi escasa e, porén, o grao de penetración na poboación resulta destacable dada a confluencia dos temas que abordan. En Galicia, a poboación non só tiña a posibilidade de ler as publicacións impresas dentro do noso territorio. Así, coñecemos que aquí se recibían diarios de toda España que chegaban vía marítima ou polos correos de postas. As cabeceiras editadas en Galicia presentan frecuentemente reproducións de textos de publicacións editadas en Cádiz, Valencia, Madrid e mesmo do estranxeiro (tal e como acontece nos diarios nados en 1808 para fomentaren a loita antinapoleónica: *Diario de La Coruña* e *Diario de Santiago*).

A prensa acababa de nacer en Galicia. A primeira cabeceira periódica impresa, *El Catón Compostelano*, aparece en 1800 da man de Francisco María del Valle Inclán. Os acontecementos históricos provocaron que este tímido xurdimento se reforzase coas publicacións creadas para responder á invasión napoleónica do ano 1808 e dar lugar así a unha reacción popular contra os franceses. O ano 1808 marca o inicio dos diarios en Galicia. O primeiro de xuño nace en Santiago o *Diario de Santiago*. Na Coruña aparecen o día 22 de xuño *La Gazeta de La Coruña* e o *Diario de La Coruña*. Nesa mesma cidade xorde en setembro tamén de 1808 o *Telégrafo político y literario de La Coruña*. Todas estas cabeceiras combatían aos franceses —agás a última etapa de *La Gazeta de La Coruña*, cando lles dá voz aos intereses napoleónicos— e estimulaban ao pobo para a loita. Ata 1815 seguirán aparecendo títulos de

publicacións periódicas entre as cales salientan *El Sensato*, *El patriota compostelano*, *El Ciudadano por la Constitución*, *Estafeta de Santiago*, *Gazeta Marcial y Política de Santiago* e *Los guerrilleros por la religión, la patria y el rey. Diario polémico-religioso de la Coruña*. Destes medios salienta a abnegada submisión a unha causa, absolutista ou liberal, que impregna todos os seus textos.

O silencio achegado pola restauración de 1814 prolóngase ata 1820, cando se instaura o Trienio Constitucional. Desta época salienta *El amigo de la nación*, *El conservador constitucional*, o *Diario Constitucional de la Coruña*, *El observador constitucional* ou *El Heráclito español y Demócrito gallego*. Este último, editado en Santiago, foi fundado, dirixido e redactado por Antonio Benito Fandiño, quen, segundo sinala Alfonso R. Kuntz na entrada da Gran Enciclopedia Gallega, “se valió de los periódicos para fustigar bajezas, protestar de injusticias y afirmar, día tras día, la persistencia de sus ideas constitucionales y democráticas”<sup>2</sup>. Unha nova restrición da liberdade de imprenta estenderase ata a morte de Fernando VII en 1833, en que se produce unha tímida recuperación das cabeceiras periódicas que se irán consolidando na década dos corenta, cando sofren unha fonda modificación en formato e contidos que os achegan á prensa tal e como hoxe a concibimos.

Esta loita de ideas non sería posible sen os homes que defenderon a ultranza determinados valores antagónicos. Deste xeito, a gran pugna presente nas cabeceiras por mor das tendencias, absolutista ou liberal, é fiel reflexo do posicionamento ideolóxico dos seus promotores. Como paradigmas destas vertentes debemos situar a dous homes que salientaron nesta época polo seu traballo xornalístico pioneiro en Galicia. Por un lado, encontramos a Manuel Pardo de Andrade, quen estivo atrás do *Diario de La Coruña*, o *Semanario Político, histórico y literario de La Coruña* ou *El Ciudadano por la Constitución* (todas elas cabeceiras de corte antiinvasor e liberal). Na outra banda áchase Manuel Freire Castrillón, quen, tal e como se sinala na entrada da GEG, primeiro foi defensor de ideas liberais e logo absolutista<sup>3</sup>. Este santiagués escribiu en *El Sensato* e na *Estafeta de Santiago*, de tendencia

<sup>2</sup> *Gran Enciclopedia Gallega*, 1974. Entrada Fandiño, Antonio Benito. Tomo XI, p. 86.

<sup>3</sup> “Este famoso periodista a quien Carré Aldao llamó precursor de los periodistas gallegos del siglo XVIII, nació en Santiago en 1757. Estudió Teología en la Universidad Compostelana e intervinó activamente en política, primero como exaltado defensor de las ideas liberales y, más tarde, en la etapa constitucional, como ferviente absolutista”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, 1974. Entrada Freire Castrillón, Manuel. Tomo V, p. 110.

conservadora con defensa acérrima da Inquisición e da relixión. Tanto Manuel Pardo de Andrade como Freire Castrillón, ambos os dous eruditos e de formación teolóxica, sentaron as bases da primeira prensa periódica en Galicia e salientaron polo seu traballo prolífico e o afán divulgador de cadansúas ideoloxías políticas. Outros nomes significativos da pugna liberal-absolutista presentes na prensa e na esfera política galega foron, pola parte absolutista, José Bentín (cofundador de *El Sensato, Estafeta de Santiago*), Nicolás de Castro (*Exacto correo de España, Los guerrilleros por la Religión, la Patria y el Rey, Estafeta de Santiago*), Juan Chacón (*Exacto correo de España en la Coruña, Diario de La Coruña a la Aurora, El Postillón del Exacto correo, Exacto Diario en la Coruña*) e Manuel Martínez (*Los guerrilleros por la religión, la patria y el rey, Diario de la Coruña a la Aurora, Exacto correo de España en la Coruña*). No que se refire ao plano liberal debemos citar a Antonio Benito Fandiño (*Gaceta marcial y política de Santiago, El Heráclito español y Demócrito gallego, Diario cívico-patriótico*), Pascual Arza y Choza (*El Conservador Constitucional, Semanario Patriótico, Hoja Volante, Boletín Oficial de Galicia*), Sebastián Iguereta y Zuaznabar (*El Diario Constitucional, El correo de Galicia, El Papel Volante, El Boletín de Noticias*), Sinforiano López Alía (*Diario de Santiago, Diario cívico-patriótico, El Patriota Compostelano*), Valentín de Foronda (*El Patriota Compostelano, El ciudadano por la Constitución*) ou Manuel Antonio Rey (*El Cartel, Gazeta marcial y política de Santiago, La Tertulia de Picaños, El Observador Constitucional, El Heráclito Español y Demócrito Gallego*). Todos estes homes, ben dende a pluma, ben dende a dirección ou como responsables da impresión, fixeron posible o debate de ideas nas tres primeiras décadas do século XIX, aínda que moitos deles pagasen o prezo desta liberdade co exilio ou co cárcere.

Tal e como viamos, a saída das cabeceiras vén directamente condicionada polos períodos de liberdade de imprenta. A prensa segue acompañada o ritmo dos acontecementos históricos e reflicte nas súas páxinas a controversia política do momento, tanto a nivel local como estatal e mesmo internacional. Todos os títulos de prensa periódica desta época están redactados en lingua castelá, se ben neles xorden esporadicamente textos en galego que cómpre ter en conta. Como no caso das tertulias, estes textos en galego teñen unha caracteroloxía propia e unha finalidade ben determinada polos seus promotores. En ningún caso a escolla da lingua resulta aleatoria ou inocente. A inclusión de artigos comunicados, poemas e versos soltos en galego na prensa periódica implica un desexo



de aproximación a un público analfabeto, ata ese intre afastado dos medios de comunicación escritos.

O primeiro texto que aparece en galego na prensa periódica de Galicia é unha “Carta recomendada” asinada en Combarro por Ramón González Senra —probable heterónimo— na *Gazeta Marcial y Política de Santiago* o 5 de febreiro de 1812. Este texto ocupa cinco páxinas en que o autor aborda temas moi diversos de actualidade política como é a cuestión da soberanía nacional, a escolla de xuíces, a monarquía ou as desigualdades sociais. Ademais, culpa aos señores da pobreza da terra, da emigración a Portugal e Castela, dos alcumes maledicentes recibidos polos labregos galegos fóra, da miseria, de non coñecer mellor o país que os labregos e da falta de xustiza. O martes 29 de setembro de 1812 volve aparecer na *Gazeta Marcial y Política de Santiago* outro texto en galego. Trátase dun artigo comunicado asinado por Xan de Mingucho en que denuncia que no rural andan a esfolar os carballos para arrincarilles a cortiza destinada ás fábricas da vila e solicita un castigo exemplar para os coireiros. A súa crítica esténdese a curas e vilegos pero a brevidade do texto impídelle unha maior profundidade temática.

A *Estafeta de Santiago*, xornal absolutista que defende os dereitos de estola, a Inquisición, o voto de Santiago, a Fernando VII e os privilexios da Igrexa, publica tamén un texto en galego o día 23 de xuño de 1813. É unha breve carta asinada por “El paysano católico y decidido Presidente. Por su mandado, el ciudadano, Secretario”. Esta misiva diríxese claramente a Pardo de Andrade e nela criticase duramente o envío dos *Rogos* de forma gratuíta aos Concellos a través da estafeta de correos.

Eu non sei moral nin teoloxía, mais discurro c’á mellor obra que faga ó día que comulgue é axustarche esta conta é así arguye á miña loxeca natural á todo soldado lle é líceto matar na campaña é na batalla ó seu enemigo; nos o estamos contigo, é cós teus compañeiros, eles e ti de cartago, nos de Roma (enténdeo burro) nos cristianos é ti xudío, con que se non che crebo os osos, retorcereich’o pescozo com’os galos cand’os mato para miña festa, se non estás xa desprumado cand’eu chegue, que moitos mais Auntamentos che teñen un has ganas que creerei non chegues pras probas. Vay, vay, lampantín barballoeiro, vay vay tirar polo Coíro; qu’os teus papés nen outros non nos fan descrer ó que’os nosos abos nos ensinaron<sup>4</sup>.

---

<sup>4</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 154.

O 10 de febreiro de 1814 Manuel Pardo de Andrade escribe un artigo en galego en *El Ciudadano por la Constitución* titulado “A los coruñeses por sus bellas elecciones”. Asinado por “o labrador libeiral”, este texto denuncia os trabucos que os labregos teñen que pagar á Igrexa e reflexiona: “Pregúntovos agora coruñeses ¿este labrador para quen se fatigou, para Dios ou para o demo? Elixide millor: abride os ollos, pois xâ vedes que para acolá arriba debemos buscar homes que fagan aprecio dos labradores, dos artesanos e dos probes: do contrario sempre ximiremos: asi volo rogo de todas as suas veces<sup>5</sup>”. O 25 de xullo de 1820 o *Heráclito Español y Demócrito Gallego* publica unha carta de Antonio Benito Fandiño de Resposta a T.C.M.B., articulista en *El Observador Constitucional*. Nela Fandiño amosa a súa indignación porque o colaborador dese xornal o chamou mentireiro (“¡ou ti quen queira que seas Vargas de xúdas que tan estreito es de molleras e que tantísimo urgas! ¡Intención de concodrilo, ollos de bacilisco, lengoa de víbora, é pruma de serpe! ¿Por que a tomas conmigo, malino, é te atreves á chamarme embusteiro solo por oír campanas? (...) Queda agardándote, Fandiño<sup>6</sup>). É evidente que o cruzamento dialéctico salta de cabeceira en cabeceira coma unha faísca de lume.

Ademais dos poemas e das estrofas soltas aparecidas na prensa, debemos mencionar a inclusión de frases e versos soltos en galego en varias cabeceiras. Estas frases serven para introducir expresións populares nos textos periodísticos. Non só iso. A lingua galega é empregada para introducir o elemento popular, xerar empatía cos lecto/oíntes, pero tamén para introducir de cheo a ironía, o sarcasmo, a rexouba e os dobres sentidos. Os anos de maior emprego deste recurso son 1813, 1820 e 1821, cando se publican frases soltas nas cabeceiras *Los Guerrilleros por la Religion, la Patria y el Rey: o Diario-Polémico-Religioso de La Coruña* (A Coruña), *Estafeta de Santiago* (Santiago), *Heráclito Español y Demócrito Gallego* (Santiago), *El Observador Constitucional de Santiago* (Santiago), *El Fiscal de los Jueces* (A Coruña), *Suplemento al Diario Constitucional de La Coruña* (A Coruña). Estes versos soltos, xunto coa inclusión de poemas e estrofas, supoñen o inicio dunha longa e importantísima traxectoria dos textos literarios na prensa galega durante o século XIX. Tanto é así que podemos considerar que o galego mantivo

---

<sup>5</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 157.

<sup>6</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 173-174.

unha presenza *minimamente* estable nas cabeceiras periódicas desa época grazas á poesía e, tamén, que a literatura galega logrou unha difusión entre a poboación grazas ao soporte da prensa. Neste momento inicial non falamos da inclusión de versos con arelas literarias senón dende un punto de vista puramente utilitario para dotar de ironía e de tinturas populares os textos publicados na acabada de nacer prensa periódica. O sarcasmo, as apelacións directas ao “contrincante”, o rexistro coloquial, as acusacións e mesmo improprios e exabruptos converten as páxinas da prensa da época en verdadeiros campos de batalla. Deste xeito, a lingua galega é entendida por estes emisores como ferramenta útil para o enfrontamento dialéctico. Máis adiante e co Rexurdimento a poesía tomará as publicacións cunha vontade de divulgación literaria.

A *simbiose* entre a lingua galega e o soporte prensa será capitular para entendermos a longa viaxe de presenzas e ausencias da nosa lingua nos medios de comunicación. A fronte aberta polas tertulias de 1820 e 1836 ao empregaren a lingua galega como vehículo de comunicación de temas de transcendencia política e social quedaría erma, agás honrosas excepcións, durante moitos anos coa relegación da lingua galega ao eido puramente cultural. O proceso de consolidación do galego como lingua escrita para a comunicación será lento (especialmente se temos en conta que hoxe en día aínda son poucas as cabeceiras periódicas que empregan a nosa lingua nos seus contidos habituais) pero presenta episodios de extraordinario interese comunicativo. As tertulias, os poemas e os artigos comunicados do primeiro terzo do século XIX supoñen os alicerces da comunicación escrita na nosa lingua. Eles marcaron o inicio sen o cal sería incompreensible a existencia de cabeceiras senlleiras en galego como *O Tío Marcos d’a Portela*, *A Tía Catuxa*, *A Monteiro* ou *A Nosa Terra*.

## AS FÓRMULAS DIALOGADAS

Os textos en galego de inicios do século XIX presentados baixo unha forma dialogada teñen unha grande importancia dende o punto de vista da comunicación. O diálogo como fórmula didáctica foi empregado dende antano. Así, o diálogo renacentista recupera o legado de clásicos como Platón, Cicerón, Sócrates ou Séneca e utiliza un esquema de varios interlocutores que conversan sobre unha materia tendo, cada un deles, un grao distinto de dominio da mesma.

Neste caso, debemos entender o diálogo como proceso cognoscitivo e non mera disputa<sup>7</sup>. Rafael Chacón sinala que a tradición era xa vella na cultura occidental dende o momento en que as técnicas escolares grecolatinas en forma de antíteses, diatribas, preguntas e respostas entraron na predicación cristiá:

Con San Agustín e a Patrística os máis altos misterios da fe han de ser presentados en forma intelixible para todos. A utilización do “sermo humilis” (“rusticus”, “communis” ou “simplex”) na predicación trouxo consigo a destrucción da retórica clásica e a construción dunha nova: a catequese. No século V, San Gregorio Magno publica un libro de miragres, os famosos “Diálogos”. Nel, nun mundo cáseque infantil de historias curtas contadas a un diácono chamado Pedro, vanse desgranando as ensinanzas relixiosas de Gregorio de Tours, Isidoro de Sevilla ou San Martín de Braga, que escribiu “De correptione rusticorum”, título expresivísimo de cara ó noso tema. Hai en todos eles unha tendencia á linguaxe ordinaria, non por motivos de incapacidade, senón con intención plena e conciencia ben meditada. Esta falsa ignorancia que atoparemos tamén en Berceo, será unha das constantes da catequese e ensino cristiáns. Un milenio despois da publicación dos “Diálogos” de San Gregorio, era aínda un libro moi difundido e, por suposto, moi traducido. A actitude do educador piadoso que fala ós seus ouvintes coma se fosen nenos seguindo a máxima caritativa de insinar a quen non sabe será unha determinación absoluta na pedagogía occidental.<sup>8</sup>

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda cita a Erasmo, Juan de Valdés ou Frei Luis de León como algúns dos máximos expoñentes do emprego do esquema do diálogo renacentista<sup>9</sup>. Estreitamente vinculado a este xénero, o catecismo xorde con forza no século XVI, no eido das loitas entre a Reforma e a Contrarreforma, como un instrumento de predicación relixiosa. Os xesuítas fomentaron o seu uso como

---

<sup>7</sup> “O diálogo filosófico non é unha forma literaria entre outras que puidesen igualmente adoptarse; responde a un modo de pensar esencialmente non “dogmático”, isto é, a un xeito de pensar que procede dialécticamente”. Por iso hai unha estreita relación entre estrutura dialóxica e estrutura dialéctica de Pensar. Segundo Platón, o que sabe preguntar e responder é o práctico ou especialista no diálogo, isto é, o dialéctico. Platón sostén que a contemplación pola alma da realidade intelixible é efecto do coñecemento da “arte do diálogo” (Rep.vI 511C), o cal é distinto, e ata oposto, á controversia sofística, onde o diálogo é mera disputa e non proceso cognoscitivo. No proceso dialóxico ou dialéctico hai división e xeneralización (Phaed., 266B): o diálogo é un método rigoroso de conceptualización”. Ferrater Mora, 1994, p. 877.

<sup>8</sup> Rafael Chacón, 1986, p. 350.

<sup>9</sup> Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, 2001, p. 54.

método didáctico no século XVI da man dos traballos dos padres Gaspar Astete e Jerónimo de Ripalda. A práctica totalidade dos habitantes de España dende finais do século XVI ata mediados do século XX educaríanse a partir desta doutrina catequética. No século XIX, os catecismos experimentaron un extraordinario auxe e abandonaron o ámbito exclusivamente relixioso para abranguer a economía, a ciencia, a moral ou a predicación política. Manuel Morales Muñoz catalogou case mil catecismos nun amplo abano de diversidade temática que inclúe o ensino relixioso, obras de temática política e social, textos de carácter técnico-económico e obras que exaltan valores morais e cívicos<sup>10</sup>. Este estudoso explica o éxito deste método didáctico polas altas taxas de analfabetismo da poboación e incide na importancia da transmisión oral duns textos baseados na percepción sensorial (visual nas imaxes e auditiva no relato).

Morales Muñoz permítenos coa súa catalogación comprobar a existencia de máis de oitenta títulos de catecismos políticos, algúns deles interesantes pola súa transcendencia no momento histórico que estamos a analizar. Así, atopamos dous xornais gaditanos que publicaron nas súas páxinas en 1813 e 1814 senllos catecismos de índole política e social: *La abeja española* e *El duende de los Cafés*. Tamén en Cádiz viu a luz un catecismo chamado *Breve catecismo político-español-constitucional* que presenta unha imaxe absolutamente idealizada de España e defensora de valores de liberdade ou dignidade. Moitos catecismos defenderán as vantaxes abertas pola vía das Cortes de Cádiz.

Con posterioridade a este período aparecerían catecismos dalgunhas das figuras máis senlleiras de Europa como o *Catecismo dos industriais* de Saint-Simon (1823), o *Catecismo positivista* de Auguste Comte (1852), *Catecismo dos socialistas* de Louis Blanc (1849), o *Catecismo revolucionario* de Bakunin (1865) ou o *Catecismo dos comunistas* de Engels (1847)<sup>11</sup>. Estes casos sinalan a importancia do modelo didáctico da pregunta-resposta propagado polo catecismo e a súa aplicación segundo os intereses —económicos, sociais, relixiosos ou políticos— dos promotores.

A influencia do doutrinariño manifesto nos catecismos queda patente noutros documentos nos que o carácter informativo e propagandístico se mesuran en diálogos cargados de intencionalidade política. O propio Vilas de *La*

---

<sup>10</sup> Manuel Morales Muñoz, 1990.

<sup>11</sup> Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, 2001, p. 57.

*Tertulia de Picaños* e *Sigue la Tertulia de Picaños* reconece que “seylle de mamoria á Cartilla nova é á vella, é seylle ó que he fé, que *es creer lo que no vimos por que Dios lo ha revelado y la Santa Madre Iglesia asi nos lo enseña*, é sey que á Iglesia componse de todos, porque dice á Cartilla que á Iglesia es la Congergacion de los fieles cristianos: pero ha de saber, sr. Abá, que tamen lle creo o que vexô”<sup>12</sup>. Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda sinala ao respecto que “para Vilas, como para miles de campesiños galegos practicamente ata os nosos días, o Astete, memorizado na nenez, era o único texto escrito coñecido, o único esquema intelectual que lles resultaba familiar” e indica que na Europa da Ilustración os catecismos se converteron en intermediarios culturais eficaces para divulgar os máis variados saberes xa que “a longa experiencia da Igrexa demostrara que o catecismo era un método pedagóxico idóneo tanto para letrados como para analfabetos, pois, da mesma maneira que estes podían memorizar e assimilar a doutrina cristiá, memorizarían e assimilarían calquera disciplina que se presentase en forma similar”<sup>13</sup>.

O fenómeno das tertulias non é exclusivo de Galicia. De feito, algúns estudosos chegan a indicar que o periodismo naceu como unha versión escrita da tertulia: como alimento da conversación cultivada nos salóns de París ou nos clubs de Londres:

La necesidad de comentar lo que ocurre en la Corte y en otros ámbitos brinda el soporte económico necesario —la suscripción— a la recolección de noticias, y al propio tiempo perfila el marco para el contenido del periódico. En esas reuniones se mezclan los hechos con los comentarios que se van a ir formalizando en textos que mezclan información y opinión. La distinción entre ambas no se dará hasta que el periódico no sea diario y hasta que no haya competencia real entre los periódicos<sup>14</sup>.

Xa en séculos precedentes saíron cabeceiras en todo o Estado Español nas que varios contertulios analizaban e debatían problemas concretos. A *Tertulia de la aldea y miscelánea curiosa de sucesos notables, aventuras divertidas y chistes graciosos para entretenerse en las noches de invierno y del verano* publicada en Madrid en

---

<sup>12</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 361.

<sup>13</sup> Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, 2001, p. 56.

<sup>14</sup> Emy Armañanzas e Javier Díaz Noci, 1996.

1775 (onde, por certo, aparecen varios personaxes galegos); o *Diálogo curioso en que difine (sic) el cometa o fenomeno caudato, aparecido en madrid el 24 de enero de este año de 1744: su duracion (sic), tamaño y astrologicas influencias, con una chronología de los fucellos que han acaecido las veces que se han visto otros semejantes curiosidades* (Madrid, 1744) ou a *Tertulia indicativa de los males que puede evitar la seria reflexión de los avisos que deriva el cielo á los varones de fina política y sana doctrina: para guiar a los demas hombres por el camino de la luz: manifestada en un diálogo que resume varias tertulias á una sola, encarta que dirige un residente en Madrid a su corresponsal* (Madrid, 1793) son algúns exemplos destes tipos de textos. Este último caso resulta moi significativo xa que nel indícase:

[Escribe don Santiago Fernández] Hemos congeniado tan a gusto los dos [autor y S.F.] que además de tenerme cuasi diariamente a su mesa hacemos todas las noches en su casa la tertulia con varios sugetos de juicio y providad como son D. Urbano, D. Cándido y D. Plácido, que nos acompañan de ordinario, fuera de alguno otro que viene de quando en quando, y ó leemos algunos ratos ciertos libros serios y graves, ó nos divertimos con los jocosos, ó con la conversación de los varios pasajes de que hacemos caudal en el día para llenar el rato que dura la Conferencia. Y como el presente se llevan la atención de la Europa las desavenencias ocurridas en el Reyno de Francia, te voy a recopilar en forma de diálogo lo más substancial sobre que hemos reflexionado muchas noches, en lo que bastará ocupar una sola.

O texto, asinado en Madrid en outubro de 1793, presenta efectivamente o diálogo dos catro contertulios no que se sacan a colación diversos temas. Percíbese que gran parte do escrito está concibido para a súa lectura en voz alta e sustentado en información aparecida nas publicacións permitidas na época:

En prueba de ser cierto (se levantó, y subió de pie en la silla en que estaba sentado y alcanzó el estante en tomo en quarto y otro en octavo de *Mercurios* que sacudió y puestos sobre la mesa prosiguió)...

Fernández Sebastián sinala a existencia na década dos vinte da *Tertulia de Cartagena* (Cartaxena, 21 de marzo de 1820), *La Tertulia de Maudes* (Madrid, 1820), *Tertulia patriótica* (San Fernando, 1820), *Tertulia patriótica mahonesa* (1822) ou

as publicacións de *El Tío Tremenda* (xa aparecido entre 1812 e 1814) que reaparecen tamén nos anos vinte: *El Tío Tremenda o la Tertulia del barbero* (Sevilla, 1820) ou *El Tío Tremenda o los críticos del malecón* (Sevilla, 1823). Pola súa banda, Ramón Mariño e Damián Suárez sinalan que “*El Tío Tremenda ó los Críticos del Malecon* foi unha publicación sevillana da que saíron un total de 125 números: 101 entre 1812 e 1814 e 24 máis ao longo de 1823. Continuación deste periódico foi *La Tía Norica ó los Críticos del Malecon*, do que chegaron a publicarse, polo que sabemos, 38 números entre 1814 e 1815. O seu director foi o avogado absolutista e carlista Jose María del Río y Mairena, nacido en Sanlúcar de Barrameda en 1771” (véxase o artigo asinado por Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez neste mesmo libro). Algunhas das súas características —descrición a modo de anotación teatral dos movementos dos contertulios e referencias a acontecementos políticos da época a través da prensa— atopáremolas tamén no caso das tertulias galegas.

Mención especial merece o caso vasco. O historiador Javier Fernández Sebastián estudou en profundidade as publicacións do primeiro cuarto de século XIX no País Vasco e sinalou a existencia de varias publicacións dialogadas destacadas pola súa defensa dos valores absolutistas e por un profundo antiliberalismo. Cita o entremés titulado *La conversación del Tutilimundi en el concejo de aldea* (Vitoria, Vv. De Larumbe, 1814) en que se relata un encontro imaxinario entre un grupo de aldeáns, o párroco, o mestre de escola e un notable; o folleto de coplas titulado *Religión. Patria. Fernando. Marica anti-liberal. Canción patriótica del verdadero español constante e invariable en detestar la impiedad* (Madrid, 1814, reimpreso en Vitoria, 1814) e o prego de catro páxinas titulado *Al Señor Redactor del Correo de Victoria*, asinado por “*El Capellán de Capelamendi*”. Nestes textos xorde con virulencia o conflito político-ideolóxico fortemente impregnado de tinturas relixiosas e, como no caso doutras tertulias conservadoras e que se autodenominan patrióticas, a defensa fronte aos ataques anticlericais do sector liberal e a presentación dos “filósofos” como confabulados para erradicar a relixión de España. Así pois, os folletos e libelos dos liberais serían claros exemplos de abusos da liberdade de imprenta:

La disputa tiene ribetes de un enfrentamiento mediático entre dos modos muy diferentes de *administración de la palabra pública*: de un lado, el modo tradicional de la oratoria



eclésiástica; del otro, el más novedoso de la publicística impresa. Dicho brevemente: es la lucha del púlpito contra el periódico<sup>15</sup>.

Por outra banda, desta época é tamén o prego de cordel *Desahogos de un Labrador transformado en Poeta que no sabe leer, ni escribir y cuyos versos se imprimen sin variación alguna en la ortografía ni sintaxis, a fin de que resalte más su genio, y porque así lo ha encargado* (Vitoria, Manteli, 1814), que reflicte a predilección prerromántica pola *autenticidade* do popular e estaba destinado para ser lido en público. Fernández Sebastián indica que:

Varios de estos textos aluden a *corrillos* y tertulias en que se comentan artículos publicados en el Correo de Vitoria, mostrando de paso que el mecanismo fundamental de difusión de los contenidos de la prensa no es la lectura —ni siquiera la lectura colectiva— sino la conversación, que comienza a nutrirse de los contenidos que suministra la prensa. Como señala Gabriel Tarde, la pluma de un periodista es capaz de poner en movimiento una infinidad de lenguas. Al fin y al cabo, si no se conversase sobre los escritos periodísticos, la prensa non ejercería una acción duradera y profunda: sin esa amplificación los periódicos serían como una cuerda vibrante sin diapasón<sup>16</sup>. Se trata, por lo demás, de un fenómeno extendido por toda la monarquía: el ambiente de libertad, exaltación patriótica y efervescencia política es un magnífico caldo de cultivo para que la literatura popular prolifere por doquier. Las tiradas de muchos pliegos fueron considerables. En Cataluña, por ejemplo, esa peculiar poesía política de masas permitió que unos cuantos impresores hicieran su agosto<sup>16</sup>.

## Os antecedentes. Diálogos en lingua galega anteriores ao século XIX

O emprego do diálogo como método didáctico non resulta alleo á lingua galega. Diego Zernadas y Castro (1702-1777) é considerado por algúns estudosos como un precursor do xornalismo galego<sup>17</sup>. O coñecido na súa época como cura de Fruíme foi un auténtico ilustrado que pretendeu divulgar o saber entre

---

<sup>15</sup> Javier Fernández Sebastián, 1991, p. 190.

<sup>16</sup> Javier Fernández Sebastián, 1991, p. 189.

<sup>17</sup> VV.AA., 2010, p. 13.

os seus veciños da aldea do concello de Lousame. Tendo en conta que naquela época máis do 80% da poboación en España era analfabeta, Diego Zernadas y Castro puxo en marcha na súa parroquia de cincocentas almas sita a cinco horas a cabalo de Santiago diferentes prácticas para difundir o coñecemento como lecturas en voz alta ou representacións teatrais cunha finalidade eminentemente didáctica:

A sus feligreses «procuraba divertirlos con devotas poesías, haciéndoles representar varias loas, y ensayándolas a este efecto con tanta paciencia, que lograba hiciese cada uno su papel con mas propiedad de lo que podía esperarse de una gente del campo». Pero simultáneamente, ya que desconocían el maíz, «le fue enseñando la manera de cultivarlo, de moler el grano y de hacer el pan (...) y que variasen los cultivos para que tuviesen más abundancia. Enseñaba a leer a los vecinos delante de la Iglesia y allí les explicaba por medio de un sencillo teatrillo misterios de la religión». (Su sentido de la naturalidad, al escribir estas obras para sus vecinos, lo llevó a redactar textos en gallego. Una nota de introducción a uno de ellos dice: «Este papel, que leído apenas tendrá gracia, tuvo alguna representado, porque los interlocutores fueron propia y personalmente los mismos que lo ejecutaron, y cada uno hablaba con sus popios modales. El de Botica estaba en Gallego, y aquí (porque el Señor Mones apostató de serlo) se pone en Castellano)<sup>18</sup>.

Os seus Petitorios, escritos para fomentar a devoción da Virxe Dolorosa, acadaron gran sona tanto na súa parroquia como en toda Galicia. Entre 1745 e 1777 escribiu numerosos textos destas características nos que, ademais das loanzas á virxe, inclúe información sobre os acontecementos históricos de cada ano. Cómpre salientar da súa prolífica obra *La prosa de el estudiante y la musa de el platero* de 1750, publicada co gallo de conceder a Santa Sé un oficio rezado ao Apóstolo Santiago pola súa intervención na batalla de Clavijo. Tal e como indica Carlos García Cortés, este texto inclúe tres partes: *La prosa de el estudiante y la musa de el platero*, a *Expresión gratulatoria* e, finalmente, a *Tertulia de Santa Marta, mosqueo de charlatanes*. Este último documento en prosa intercala máis de 200 versos e supón unha réplica ao cóengo Rioboo Seixas de carácter satírico e crítico. *As coplas ó rei Carlos III na súa coroación* (1759) inclúen versos en galego de loanza e festexo á

---

<sup>18</sup> José Manuel Rivas Troitiño, 1998, p. 165.

presenza do monarca en Compostela e fan unha descrición miúda da súa vida que serve, como no caso de Sarmiento e da poesía áulica posterior, para popularizar a figura e a vida dos reis entre o pobo. Neste caso débese salientar a composición poética en galego titulada *Diálogo entre a Lavandeira e o Peregrino*, que vai inserta na *Loa para la fiesta de los dolores Gloriosos de María Santísima en Fruime*.

Na obra do eminente frei Martín Sarmiento encontramos outro dos textos máis significativos de emprego da fórmula dialogada en galego anterior ao século XIX: o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Este ten unha intencionalidade claramente lingüística e didáctica, na medida en que o propio autor sinala o carácter recompilatorio do romanzón: “recopiladas para mi curiosidad y para tenerlas presentes en la memoria en unas coplas de estilo pueril y rustico del metro que en castellano llaman de *Perico y Marica*, y aunque no soy poeta y estas coplas son las primeras que hize en este metro, idioma y estilo, importa poco que no sean buenas”. O argumento do coloquio, que versa sobre a morte de Felipe V e sobre a coroación de Fernando VI, sérvelle a Sarmiento para facer un glosario léxico pero tamén para poñer sobre o papel as opinións dos paisanos sobre este acontecemento de gran transcendencia política. Frei Martín Sarmiento pon en boca de Marcos da Portela unha reflexión sobre a importancia didáctica da presentación dos contidos en estrofas: “Direi âs que ouvim,/ porein-has en versos/ qu’asi os meniños/ podran deprendêlos./ Eu non sei de copras/ é faltm’ó engeno;/ nem fixem cantigas/ no falar galego./ Fareim-has, pois, logo/ côs ringrons pequenos,/ enxemplo das outras/ que cantan os nenos”. Efectivamente, os versos están escritos en arte menor e rima asonante, o que facilita a súa aprendizaxe para os oíntes. O seu carácter dialóxico, emprego da lingua galega, comentarios encol da situación política, acotacións teatrais de entrada e saída de personaxes serán riscos de contido e formais que atoparemos posteriormente nas tertulias dos século XIX.

### **As tertulias en Galicia no século XIX**

Á marxe da tradición escrita, a tertulia era unha práctica estendida no século XIX en Galicia e España. Se a comezos de século houbo un auxe deste tipo de encontros de carácter político, posteriormente multiplicáronse as tertulias de tipo literario. Barreiro Fernández salienta o carácter das tertulias como condutos para a transmisión das ideas:

As tertulias foron sempre en España (en especial nos períodos de forte censura, que foron os máis na nosa historia recente) un dos conductos máis eficaces para a transmisión de ideas ou consignas e para a realización de proxectos. Cónstanos que a comezos do século XIX había unha tertulia que se reunía no colexio de San Xerome, aproveitando a circunstancia de que era o seu vicerrector (en realidade o rector, mais este era un cargo que honorificamente se reservaba en exclusiva pra o rector da Universidade) don José González Varela, un dos membros da mesma. Formaban parte desta tertulia o catedrático Bazán de Mendoza, Vereá e Aguiar, Caamiña, Vega etc. É moi posible, aínda que non nos consta, que formase parte da mesma o cóengo Acuña y Malvar, e o tamén cóengo Baquero. Neste faladoiro fóronse integrando outros personaxes de Santiago, polo xeral vinculados á Universidade como o presbítero Regueiro, posiblemente Patiño, Bedoya etc. Este faladoiro, na medida en que estaba formado por varios profesores universitarios, constituíuse de contado nun grupo de presión coa intención de reestructurar los estudios universitarios mediante o control do poder do claustro, o que motivou tensións e denuncias<sup>19</sup>.

Engade o historiador que “todo nos fai pensar que nestas tertulias se discutían “novas ideas revolucionarias”. Non é casual que tódolos implicados aparezan no ano 1808 integrados no liberalismo ou no movemento afrancesado”<sup>20</sup>. Anos máis tarde na Coruña, o liberalismo toma corpo nun grupo de homes que se reúne habitualmente cuns claros proxectos para o país. Barreiro indica, ademais, que:

Este grupo da Coruña, posiblemente masón, reuníase habitualmente nas casas dalgúns deles (a prensa infórmanos de reunións na casa de Marcial de Adalid, Pedro de Llano ou na pousada de Valentín de Foronda) ou no café A Esperanza, situado na rúa Real. Este club, verdadeira primeira tertulia patriótica, foi o corazón do liberalismo galego xa que nel se discutían e adoptaban as medidas que logo circulaban por todo o país. (...) Por fin comprenderon que era necesario penetrar noutras capas sociais, conseguir neutralizar a acción desenvolvida polo clero. Para isto, decidiron facer unha serie de periódicos e publicacións eminentemente populares, por medio dos que lanzaron as súas mensaxes, consignas e moi dosificadamente a nova filosofía liberal. Para manter estes xornais era necesario persoal preparado, capaz de discutir con igualdade e vantaxe ó sector clerical,

---

<sup>19</sup> X.R. Barreiro Fernández, 1991, p. 33.

<sup>20</sup> X.R. Barreiro Fernández, 1991, p. 35.

dono, á súa vez, de varios xornais. Foi así como comprenderon a necesidade de profesionalizar algúns intelectuais<sup>21</sup>.

Como exemplo dalgúns deses intelectuais que habían fornecer as máis importantes páxinas da prensa da época sitúa Barreiro Fernández a Antonio de la Peña, Marcelino Calero, Lucas Labrada, Valentín de Foronda e Pardo de Andrade, verdadeiros pioneiros do xornalismo galego. En 1820 o país será testemuña do nacemento das sociedades patrióticas. Estas “tiñan como obxectivo axuda-la Xunta “coas súas luces e coñecemento” a propaga-la doutrina liberal, a facer coñece-la Constitución, a velar incesantemente pola seguridade do réxime e, sobre todo, a presionar para a depuración de persoas e a proposición doutras para ocupa-los postos máis importantes”. A Sociedade Patriótica de Santiago fórmase no mes de maio de 1820 e dela formaban parte persoeiros do eido liberal como Juan de Dios de Alguer, Tomas Canaval e Mariño, Sebastián Antonio Pérez, Fandiño, Cosme Viamur, don Manuel Flores ou o impresor Rey. O seu influxo foi decisivo xa que nas xuntanzas establecíanse os asuntos de goberno e de política que logo se presentaban ás autoridades militares ou civís. Ademais estas podían contar cos membros das sociedades para todo tipo de cuestións, desde a selección de xuíces á organización de festas ou á preparación de xefes de milicias nos momentos en que se temía unha insurrección. Barreiro Fernández sinala que:

Por Decreto do 21 de outubro de 1820 extinguíanse en España as sociedades patrióticas, pero moitas delas permaneceron camufladas baixo o título de Tertulias Patrióticas, aínda que o seu papel foi perdendo relevancia a medida que as Cortes e o Goberno recuperaron a súa normalidade<sup>22</sup>.

Con esta tradición escrita ás costas e nesta conxuntura sociopolítica nacen as tertulias impresas que nos ocupan. É mesmo probable que os responsables sexan asiduos contertulios liberais, tal e como acontece nos restantes textos da época. Ramón Mariño así o pon de manifesto, ademais de facer unhas interesantes consideracións sobre os seus usos lingüísticos<sup>23</sup>:

---

<sup>21</sup> X.R. Barreiro Fernández, 1991, p. 169.

<sup>22</sup> X.R. Barreiro Fernández, 1991, p. 208.

<sup>23</sup> Ramón Mariño Paz, 1998, pp. 387-388.

(...) dedúcese sen discusión que a meirande parte das colaboracións en galego aparecidas na prensa galega do primeiro XIX procede dos círculos liberais de Santiago e A Coruña. Estes círculos estaban formados por escritores coma Manuel Acuña Malvar, Antonio Benito Fandiño, o catedrático Caamiña e Manuel Pardo de Andrade, por impresores afectos á mesma causa coma Manuel Antonio Rey, José Fermín Campaña y Aguayo, Sebastián Iguereta e José Núñez Castaño. En Ourense publicaron en galego o escritor Pedro Boado e o impresor Juan María Pazos. Podemos aínda precisar un pouco máis os perfís deste grupo pregaleguista: os que naquel tempo salientaron na publicación de textos en idioma galego foron os escritores Fernández Neira, Fandiño, Pardo de Andrade e Manuel Acuña Malvar (se se confirman as diversas autorías que se lle sospeitan), os impresores Manuel Antonio Rey, José Fermín Campaña y Aguayo e Juan María Pazos e o xornal santiagués chamado *Gaceta Marcial y Política de Santiago*. Tódalas persoas citadas eran intelectuais procedentes da fidalguía ou da burguesía acomodada, é dicir, daqueles sectores sociais que en xeral nos principios do século XIX abandonaran o galego como lingua de uso habitual ou estaban en vías de abandonalo. Por tanto, é moi probable que destes escritores do primeiro oitocentos se poida dici-lo mesmo que Emilia Pardo Bazán dixo sobre as figuras do Rexurdimento e o seu emprego do galego: que facían propaganda deste idioma pero non o utilizaban adoito na súa vida diaria, que non o falaban os que escribían (cf. Pardo Bazán 1984, 296).

### **Os diálogos en galego no século XIX: primeiras aparicións de seu ou insertos en cabeceiras periódicas. O caso dos romances**

Os primeiros diálogos escritos en galego que atopamos en Galicia no século XIX son os romances titulados *Rabioso el Arzobispo de Santiago por no haber logrado la prebenda para su querido d. Andrés despachó parte de sus familiares y entre ellos le tocó la china a su estercolero Pedro Abelleira y dándole el pésame (como era regular) su compadre Diego de Carbia, se sabe que paso entre ellos dos la siguiente conversación e Pasando una de estas tardes el Autor del Diálogo de los Estercoleros por la calle de Pitelos, hallo á Pedro de Abelleira que estaba al parecer tomando el sol, al tiempo que subía la cuesta de Sar Diego de Carbia. Luego que vio este a su compadre se dirige á el y abrazándole empieza una graciosa conversación que por la diversidad y rareza de noticias juzgó digna de escribirse y así lo hizo en la manera siguiente* do ano 1807 que, segundo demostra Ramón Mariño no artigo presente neste volume,

poderían ser de Manuel Freire Castrillón. En ambas as dúas conversas interveñen Diego de Carbia e Pedro Abelleira, quen debullan os asuntos da vida eclesiástica e política de Santiago, tratando con especial saña ao arcebispo da cidade e ao reitor da Universidade, entre outros personaxes locais. De ambos os dous textos debemos salientar o seu carácter anónimo, o emprego do romance, a dureza das críticas contra os representantes do poder na cidade e o ton coloquial da conversa. A súa importancia a nivel xornalístico é indubidable xa que ao longo do diálogo vaise facendo unha auténtica crónica do Santiago da época cun afán de denuncia ante a opinión pública. O autor non se cingue a dar a coñecer as irregularidades que, segundo el, está a cometer o poder eclesiástico senón que arremete directamente contra os culpables cunha linguaxe fondamente satírica.

En 1810 sae á luz na Coruña o folleto *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*, asinado por José Fernández y Neira, Este texto, escrito en prosa, podémolo considerar un dos grandes exemplos de literatura patriótica antifrancesa en Galicia. Ao longo de cincuenta e catro páxinas os dous personaxes van describindo polo miúdo as súas aventuras na loita contra as tropas napoleónicas por distintos puntos de Galicia. No prólogo, o autor describe a orixe autobiográfica dos contidos do texto e salienta a veracidade do que aquí se narra:

Las noticias que he tenido, y lo que observé por mi mismo quando despreciando las comodidades de mi casa, y los emolumentos de mi empleo he abandonado todo por no estar baxo el infame yugo de los franceses, y transité la mayor parte de Galicia para presentarme en el Ejército del Excmo. Sr. Marques de la Romana, como lo he verificado; han sido para mi el estímulo mas grande que me ha obligado á referir baxo una conversación rústica una pequena porción de la multitud de echos héroicos que hasta ahora ignoran muchas personas, y harán eterna la gloria de mis caros compatriotas los gallegos. Me lisongeo de haber sido exácto en la relación de los hechos y sus circunstancias, aunque he omitido por varias consideraciones nombrar los pueblos y señalar los sugetos; pero luego vendra el día en que puedan marcarse todos estos héroes para admiración y modelo de la posteridad<sup>24</sup>.

---

<sup>24</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 54-55.

O 9 de febreiro de 1813 aparece o primeiro diálogo en galego na prensa editada en Galicia. Trátase da “Conversación entre los compadres Bertolo y Mingote” que o autor “transcribiu” para a *Gazeta Marcial y Política de Santiago*: “hallándome el domingo 31 del pasado tomando el sol en la plaza del hospital, observé una conversación entre dos paisanos, la que procuré retener en mi memoria, y se la copio por si gusta insertarla en su gazeta”. Falan aquí das eleccións de cóengos e protestan por unha suposta fraude dos representantes electos para Cádiz. Ademais, defenden profundamente a Carta Magna. Cronoloxicamente, o seguinte texto publicado en galego é outra tertulia publicada o xoves 1 de abril de 1813 na *Gazeta Marcial y Política de Santiago*. A explicación do diálogo, como no caso anterior, xustifica o emprego da lingua galega e acentúa a *arresponsabilidade* do autor con respecto ás valoracións feitas nela ao se tratar dunha conversa escoitada. A entradaña á tertulia indica: “Sr. Redactor de la gazeta marcial: habiendo salido á fuera de la ciudad, me quadró oír misa ayer domingo en una parroquia distante de aquí a una legua y al salir de élla vi en el atrio un gran corro de labradores y acercándome a ellos observe por un largo rato una acalorada disputa que tenian, con especialidad unos quatro llamados Juan Freiría, Domingo Aguiar, Alberto Ben-tisca y Pedro Cabreira; y lo que de élla pude retener en mi memoria, se lo copio por si merece insertarse en su periódico á que vivirá agradecido. S.S.S.Q.S.S.M. F.R.A., Santiago 29 de marzo de 1813”. Estas explicacións iniciais, xunto co uso dun galego coloquial, evidencian o desexo do escritor (ou escritores) de dar autenticidade ás conversas, de que os seus contidos cheguen a todos os estratos sociais e de que exista unha identificación do lector (ou oínte) cos personaxes do diálogo.

O diálogo non é, xa que logo, un xénero alleo á prensa periódica. Na propia *Gazeta Marcial y Política de Santiago* aparecen publicados neses anos un total de once coloquios en castelán<sup>25</sup>. En *Los guerrilleros por la religión, la patria y el rey: O*

<sup>25</sup> *Gazeta marcial y política de Santiago*: “El café” (28/03/1812); “La Banquilla ó el Obrador de los sastres” (22/04/1812); “El paseo de D. Marcial, Don Honorio y Don Indalecio ó Los verdaderos intereses de Santiago (09/04/1812); “La tertulia vespertina junto á Santa Susana” (01/09/1812); “La tertulia consabida” (08/09/1812); “Coloquio entre el vinculero Don Claudio y su cura don Ciríaco” (20/02/1813); “Coloquio entre don Baltasar, el músico Cernica y cierto letrado” (14/04/1813); “Diálogo entre don Comodo y D. Patricio” (10/08/1813); “Las rancias confabulaciones de la Rúa del Billar” (21/08/1813); “Los ciudadanos menestrales en la Convocatoria editorial” (04/12/1813); “Por si conviene que el público de lo que pasa (...), comunicado a V. Un diálogo que días pasados tuvieron dos caballeros D. M. y D. R. En una de las calles de esta ciudad” (21/08/1813).



*diario-polemico-religioso de la Coruña* de 1813 encontramos tamén un discurso de carácter doutrinal artellado a partir do diálogo entre os “valientes guerrilleiros” Mina, Longa, Empecinado, Sánchez Merino, Polemarchepisto, el Frayle “y otros sus compañeros en el exercito de limpiar el sueño español de enemigos extranjeros” que continúa en varios números. Esta ficción dialogada, en que non intercambian informacións senón que constrúen unha única mensaxe a través de intervencións correlativas, sérvelle a esta cabeceira herculina para atacar aos *filósofos* (os liberais) e defender os valores tradicionais relixiosos, entre eles a Santa Inquisición. No mes de abril de 1813 recuperan a fórmula expresiva do diálogo a través da conversa de Adiáforo, Thoribóde e Philaeto, quen atacan aos liberais enardecidamente.

De notable importancia no tema que nos ocupa é tamén o *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un Abogado instruido, desprecupado y compasivo. Cuaderno primero. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles, relativas á los que se llaman comunmente derechos de estola y pie de Altar* de Pedro Boado Sánchez, que foi publicado por primeira vez en Ourense en 1823. Este documento de sesenta páxinas presenta o diálogo entre Francisco González e Manuel Ribeira, dous labregos que se atopan na antesala dun avogado e inician unha conversa sobre diversas disposicións lexislativas. O coloquio foi reproducido porque “por fortuna oyó y tuvo la curiosidad de escribir literalmente el amanuense del mismo abogado” e nel participan os dous labregos e tamén o avogado. Na metade da conversa faise presente a existencia dun transcritor da conversa:

Amanuense. Ese trabajo está hecho señor; que yo desde el principio fuí copiando cuanto dijo usted y cuanto hablaron estos hombres; y me parece que pocas palabras pueden haberse escapado.

Abog. Ayga bribonzuelo. ¿Y es ese el modo de sacar la copia que te encargué del otro papel? A ver eso.

Amanuense. Aquí está, señor.

Abog. Pues buena cosa es, que lo fué poniendo todo, en castellano y en gallego, conforme se dijo<sup>26</sup>.

---

<sup>26</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 268.

A vontade didáctica do texto é manifesta. Coa enumeración das distintas resolucións adoptadas nos Concilios eclesiásticos o avogado pon de relevo o abuso que os abades cometen nos cobros de servizos e pretende convencer os labregos para que non paguen tales cantidades, desorbitadas ao seu xuízo. A importancia do coñecemento explíctase cando Manuel sinala que ha de aprender ao seu fillo a ler para evitar a ignorancia:

Man. Tórzano ou no-no torzan, n'importa. Eles fagan ó que queyran, qu'ó papel ó meu fillo hao de deprender de memoria, todo de p-á pa; que por qu'eu sea un rústreo, non quero qu'el ó sea; é xa que tiben á fortuna d'oir ó señor estas cousas no-na quero perder<sup>27</sup>.

Estas características, formais e de contido, son moi similares ás das tertulias que analizaremos, se ben neste caso salienta unha maior vontade de erudición e o uso dun rexistro máis culto e menos dialóxico que noutros casos. O enfoque pedagóxico, a presenza *inocente* dun transcritor, a vontade de continuidade e o desexo de divulgación dunha ideoloxía concreta mantéñense como constantes neste tipo de publicacións.

Neste apartado debemos sinalar, como mostras que reiteran as características dialóxicas sinaladas, outros textos publicados en galego na primeira metade do século XIX. É o caso de *O Pleiteante. Relación que un litigante chamado Farruco fai ao Cura da sua parroquia do que lle sucedeu no Tribunal da Cruña o ano de mil oitocentos trinta e sete*, un romance dialogado asinado por Juan Gómez del Ferrol; o “Comunicado. Diálogo entre Gorecho e Mingos” do *Boletín Oficial de A Coruña* (06/07/1836); *A Parola Polêteca que tuvo un auguador cun sobriño seu que acaba de chegar da terra tembrando, e fomegandolle os miolos de medo* (1822) ou os textos de datación dubidosa, *Parraféo de Quintas, Espello de Diputados*, ambos de Florencio Pol, e a *Conversa entre os arrieiros Cosme da Granxa, Marcos Rielo e Roque Arán*, de Ramón Varela Vahamonde. Non debemos esquecer tampouco os poemas dialogados escritos na época polo cego Vicente Turnes, romances nos que varios personaxes conversan sobre as eleccións e a carga dos trabucos: “Diego e Cristobo” de 1840, “Diálogo entre Minguíño e Farruco, labradores y vecinos de sus respectivos lugares y parroquias en el día que se refiere” de 1842 e o “Diá-

---

<sup>27</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 280.

logo entre Silvestre Cajarabille e Domingo Magariños, labradores e veciños nas súas respeitivas parroquias” de 1845.

Estes exemplos, diferentes entre eles pero con numerosas coincidencias temáticas e estilísticas, permítennos afirmar que, tanto os diálogos escritos en galego como os escritos en castelán, foron unha modalidade expresiva empregada especialmente por persoas liberais (existe algún caso de tertulia elaborada por absolutistas, como veremos) e con eles tratan de difundir a ideoloxía liberal sustentada en loanzas á Constitución, a crítica aos poderes políticos e eclesiásticos, a denuncia dos trabucos, a indefensión e humildade dos labregos e os abusos dos absolutistas. O carácter pedagóxico dos documentos, o uso da fórmula dialogada ou este tratamento de asuntos de actualidade política e social evidencian o desexo dos autores de condicionar a opinión pública fronte ao discurso oficial dos pulpitos e dos bandos municipais. A pegada “catequética” destes textos —fórmula pregunta-resposta— é unha garantía de éxito na difusión da mensaxe. Estes diálogos, publicados moitos deles en prensa, resultan semellantes, no referente aos contidos, ás tertulias de 1820 e 1836 que abordaremos decontado.

### **As tertulias: a toma de conciencia do papel da opinión pública**

As tertulias redactadas en galego en publicacións de seu proliferan en Galicia en 1820 e, particularmente, en 1836. Os anos non son aleatorios. Ambas as dúas datas resultan claves historicamente porque nelas deteñen o poder os liberais e existe liberdade de imprenta propiciada pola restauración da Carta Magna de Cádiz. O Trienio liberal de 1820 a 1823 permitiu o auxe de diversas publicacións que axiña morrerían coa entrada dos Cen Mil Fillos de San Luís e a toma de poder de Fernando VII. A instalación do que se denominou Década Ominosa fixo que o absolutismo volvese restrinxir todos os dereitos. A morte do monarca favoreceu un novo período de liberdade de imprenta coa terceira reimplantación da Constitución de Cádiz, o 12 de xullo de 1836, o que dará lugar ao esplendor das tertulias en galego nese mesmo ano.

Esta época configurouse como un momento de especial virulencia política e social. É o tempo das loitas entre liberais e absolutistas; entre os que defenden a Constitución e a abolición da Inquisición e os que reclaman a vixencia dos privilexios eclesiásticos; entre os que defenden as eleccións aos Concellos e os que

demandan a necesidade dos trabucos. As tertulias reflectirán nas súas páxinas este enfrontamento e nelas atoparemos leccións adoutrinadoras de tipo político, relixioso e moral que nos fan entender estes folletos como auténtica propaganda partidaria. O obxectivo de crear debate e difundir as ideas liberais nun contexto de exaltación da liberdade de expresión, da autonomía do cidadán e dos valores constitucionais, atopou nas fórmulas dialogadas lidas en público na rúa un importante elemento de propagación ideolóxica.

Á marxe dos diálogos ficcionados que viron a luz insertos na prensa da época e dos poemas, no seguinte apartado trataremos aquelas tertulias que foron difundidas por autores anónimos, todos eles baixo o título explícito de “diálogo”, “tertulia”, “coloquio” ou “parola” en folletos propios. O caso de *A Parola de Cacheiras* de 1836 supón unha excepción a isto (ademais de por cuestións temáticas que xa veremos), xa que non se trata dun folleto impreso de seu senón dun manuscrito. Porén aparecerá citado constantemente nos exemplos sinalados porque, a pesar de non ser unha publicación como tal, si garda numerosas características comúns aos demais textos. Tal e como se poñerá de manifesto, as concorrencias a nivel formal e de contido entre os diálogos publicados en cabeceiras periódicas e os difundidos de seu son numerosas, o que nos permite falar desta modalidade expresiva como un *protoxénero* de notable repercusión na época. En 1820 ve a luz *La tertulia en la Quintana; Diálogo entre Dominjos e Farruco sobre administrason de xústicia da súa aldea e Sigue la tertulia en la Quintana*. No ano 1836 aparecen *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco y Freitoso* (setembro de 1836); *Tertulia de Picaños* (31/10/1836); *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago* (15/11/1836); *Sigue la Tertulia de Picaños* (15/12/1836); *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago entre los mismos Cristovo, Farruco y el cura consabido* (31/12/1836); *Parola que houbo entre Goriño, Antelo, Farruco Allende e Antón Térela a tarde de carta feira d’a outra semana n’a taberna de Cacheiras, relatada ao pé da letra por un urbano que á oeu agachado tras d’unha pipa; ao que viña de camiño* (1836). O *Encuentro y coloquio que tuvieron na pontella da Chainsa, próxima a la vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso, o día 13 de novembro de 1836 en que se nombrou o Auntamento Costitucional* é de 1837. Sen poder confirmar a data exacta de

edición temos *A tertulia dos Concheiros*<sup>28</sup>. *Diálogo entre Pascual, Basilio, Alberte y un cura*. Son en total once tertulias de características semellantes en forma e fondo que, xunto aos anteriores diálogos insertos en prensa, nos permiten establecer parámetros comúns.

A estrutura da análise circunscríbese aos seguintes eidos:

#### Análise formal

1. Lugar de edición
2. Formato
3. A autoría dos textos
4. Periodicidade

#### Análise de contido

1. Os espazos
2. A construción do relato informativo. A importancia dos personaxes
3. A cuestión lingüística
4. A obtención de información
5. A conciencia da influencia na opinión pública. A necesidade de editar deá-reos para contrarrestar a información dos púlpitos.
6. Temáticas
7. Dous casos significativos: A Parola de Cacheiras e A Tertulia dos Concheiros
8. A finalidade das tertulias “en letra de molde”: A modo de conclusión

#### ANÁLISE FORMAL

##### 1. Lugar de edición

Moitos dos textos que analizamos saíron dos prelos composteláns de José María Paredes, de J. Núñez Castaño e de José Fermín Campaña y Aguayo. Este último foi quen editou a maior parte das tertulias. A escolla do lugar onde estes

<sup>28</sup> Segundo Rafael Chacón: “Este último diálogo vén sen data e pola tipografía usada e pola data da fundación da imprenta Paredes está claro que a súa impresión ten que ser moi posterior a 1836. Sen embargo, os temas (exclaustración, dereitos de estola e pé de altar, etc.) coinciden cos dos diálogos desta data. Supoñemos que se trata da reprodución dun diálogo desaparecido ou non encontrado de 1836”. Rafael Chacón, 1986, p. 352.

textos tiveron a súa área de difusión resulta significativa xa que A Coruña e Santiago acollían os principais focos liberais do país. A presenza do clero quixo facer de Compostela un reduto absolutista con sectores enfrontados a causa das axitadas augas políticas das primeiras décadas do século XIX. Non obstante, tamén era a única cidade universitaria de Galicia cun importante sector alfabetizado que tiña acceso aos libros e con eles ao coñecemento. Isto explica, para Barreiro Fernández, que haxa en Santiago o segundo foco liberal de Galicia, logo da Coruña.

Aquí [por Santiago] o liberalismo era doutra cor: era eminentemente intelectual. Os burgueses composteláns (De Andrés García, Cabello García Pan, De la Riba, Moreno etc...) están economicamente moi relacionados coas institucións eclesiásticas (cabido, mitra, colexio Sancti Spiritus, confrarías coma a de Ánimas etc..) pois adoitaban administra-los seus negocios; son prestamistas de importantes casas fidalgas, arrendatarios de rendas da Igrexa e todo isto crea unhas dependencias persoais que non invitan precisamente a adoptar posturas radicais. Non queremos con isto dicir que os burgueses composteláns fosen antiliberais, de feito colaboran nos concellos de 1820 a 1823, pero sempre nun ton moi moderado e sen provocar de forma ningunha os seus veciños, os poderosos clero e fidalguía. De aí que o liberalismo compostelán se nutra en especial do profesorado máis novo da Universidade e, tamén, o máis preparado intelectualmente, e en parte do clero. Da Universidade van saír Caamiña, grande animador do xornalismo de Santiago, o matemático Rodríguez, Vereá e Aguiar, Fontán, Vega etc. Do clero só un pequeno sector participaba. Formábano o inqueda Manuel Acuña e Malvar, cóengo e arcediogo do Salnés, de angustiada vida; o presbítero e profesor Regueiro Vázquez; o párroco de Bastabales, don Francisco Vázquez Aguiar, o cóengo Vaquero e poucos máis<sup>29</sup>.

Así, o feito de que as tertulias que analizamos, marcadamente liberais, saísen do ámbito santiagués e, probablemente, universitario pode explicarse en canto á produción pola cantidade de letrados da cidade e, en canto á difusión, pola necesidade de diseminar as ideas liberais onde o poder dos púlpitos resultaba dominante. Curiosamente, en *La Tertulia de Picaños o célebre* Vilas fai unha reflexión ao respecto defendendo o carácter liberal de Santiago fronte á Coruña e enumera unha longa listaxe de composteláns que tiveron que fuxir no ano 1823 polo regreso do Despotismo:

---

<sup>29</sup> Barreiro Fernández, 1991, pp. 169-170.

Direibos:: si comparás á Cruña con Santiago, he este mais liberal ou constitucional. Explicareyme: Santiago he, como sabedes, pueblo de cregos é frades; e viven uns con outros (asi como eu teño que vivir con todos): por tanto non debía haber aqui en ningun tempo (bou á un decir) un que quixêse á Costitucion, por que por ela báixálles ó bolso é á panza á aquela xênte: na Cruña he ó robés; hay poucos de croa, é viven do trafico é comercio, á quen protexê aquel sagrado Código: por tanto non he virtú (acho eu) ó ser alí amante da libertá, é heo si, ó selo en Santiago...<sup>30</sup>

Rafael Chacón chega a afirmar que “curiosamente é Compostela a cidade donde se produce tal concentración na publicación dos diálogos. Esto fainos pensar que o diálogo e en especial o diálogo en lingua *rústica, léase galego*, é un xénero non soio culto senón cáseque excrusivamente universitario”<sup>31</sup>. Carecemos de datos que nos permitan cuantificar o número de exemplares que saíu de cada orixinal (lembramos a excepción da *Parola de Cacheiras* ao se tratar dun manuscrito), a súa distribución e o grao de penetración na poboación. Porén, os propios comentarios que se introducen nas tertulias sobre a reacción popular e as críticas dos políticos ás palabras diseminadas *en letra de molde* pola cidade fannos supor que a difusión foi notable. Ademais, debemos ter en conta que os textos foron creados para seren lidos en público e, por tanto, o seu grao de recepción supera ao da poboación alfabetizada ata abranguer todos os niveis sociais.

## 2. Formato

Dez das once tertulias analizadas (lembramos que *A Parola de Cacheiras* non foi impresa) viron a luz en formato individual, publicadas en folletos de oito, doce ou dezaseis páxinas en 8ª (19x14cm) non ligadas a ningunha cabeceira periódica, risco este último que acentuaba o seu carácter anónimo e facilitaba a distribución. Este formato independente é a maior diferenza entre estas tertulias e aquelas que foron publicadas en prensa e que, por outro lado, resultan tan semellantes en relación aos contidos.

---

<sup>30</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 339.

<sup>31</sup> Rafael Chacón, 1986, p. 354.

### 3. A autoría dos textos

Ningunha tertulia aparece asinada polo seu creador ou creadores. A súa autoría é unha cuestión que abordaron algúns estudosos como Isidoro Millán González-Pardo, Xosé María Álvarez Blázquez ou Carballo Calero, quen atribuíron estes textos ao crego liberal don Manuel Acuña y Malvar<sup>32</sup>. Non obstante, ante a falta de datos que verifiquen tal afirmación seguiremos considerando a súa autoría anónima. Así, descoñecemos o nome real duns creadores, quen agochan a súa autoría culta baixo a ficción dialogada de personaxes dos extractos máis humildes da sociedade como labregos, estanqueiros ou esterqueiros. Con todo, consideramos que a súa condición de persoas letradas e cun alto nivel de estudos queda fóra de toda dúbida. As tertulias, como veremos, presentan en boca dos seus protagonistas información que reflicte un gran coñecemento da lexislación, a constitución, a biblia, a historia ou a relixión, coa inclusión mesmo de parágrafos completos extraídos da bibliografía que circulaba na época. Os letrados liberais que redactaban estes diálogos coñecían á perfección o público ao que se dirixían, reproducindo o seu xeito de falar e, tamén, os comentarios máis frecuentes da rúa sobre certos problemas de carácter local ou nacional. O coñecemento do “estado de opinión” sobre eses asuntos permitíalles ir revogando os argumentos difundidos dende os púlpitos na poboación sobre as supostas maldades do liberalismo, da constitución e, tamén, contrarrestar as opinións sobre as supostas virtudes da Igrexa ou dos impostos. Certas coincidencias no uso de expresións, temáticas, lugar de edición, imprenta e mesmo certa periodicidade na saída dalgúns folletos abren a sospeita de que atrás de tertulias como as dúas tertulias de Picaños e os tres diálogos na Alameda de Santiago se atope o mesmo responsable ou responsables. No caso da *Parola* as características do texto fannos intuír a posible presenza dun crego tras os personaxes que defenden os valores eclesiásticos e absolutistas na sociedade.

Ademais da súa procedencia culta, sabemos que os autores coñecen a produción xornalística que está a proliferar en España, particularmente en cidades como Vitoria, Barcelona ou Cádiz. En varios textos aparece citada a cidade na que se promulgaron as Cortes do ano doce onde os tertulianos anuncian que

---

<sup>32</sup> Ramón Mariño Paz, 1998, p. 382.



escoitaron información, o que nos dá conta da posible presenza dos seus autores alí. Préstese atención a que nos dous exemplos sinalados o personaxe que afirma ter estado en Cádiz é Freitoso, quen se expresa en mal castelán:

Farr. ¿E de eso quen ten a culpa sinon o xêneral da Cruña?::: ben que xâ a tubo de que os facciosos chegasen aco, polo que di á xênte.

Crist. Ese ahora xâ o votaron á ó sol.

Farr. Más novas: ainda el vaya en voltas, xâ que tan ben nos puxô.

Freit. De ese General ya yo no oí habrar muy ben en Cais<sup>33</sup>.

*Diálogo en la Alameda de Santiago, 1836*

Bart. Vaya. Que ti sabes unhas cousas que me deixâs atrónico.

Farr. Esto he o que che ten **escoitar os que son sabidos:::**

Crist. O que eu alabo é **á tua memoria**; é como che se alembra todo.

Freit. Pues de la mesma moda que lo cuenta, lo oí yo tambien en Cais<sup>34</sup>.

*Diálogo en la Alameda de Santiago, 1836*

Freit. De cuidado, no Señor, es ya enfermedá viega, que llevo jastado con ella lo que no es creible, por que todavia cuando vin de Cáis tuven que pajar cien reales de mencinas al Boticario, y ella siempre de la misma moda: es imposible que no sea algun feitiso ó frida de ojo<sup>35</sup>.

*Diálogo tercero en la Alameda de Santiago, 1836*

#### 4. Periodicidade

Certa coincidencia periódica na saída das tertulias e algunhas referencias intertextuais permiten establecer unha periodicidade na publicación destes textos. Así, os diálogos da Alameda e as tertulias de Picaños non son de publicación simultánea ou esporádica, senón sucesiva e alternante.

---

<sup>33</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 323-324.

<sup>34</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 328.

<sup>35</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 372.

*Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo y Freitoso.* Setembro de 1836  
*Tertulia de Picaños.* 31 de outubro de 1836

*Diálogo segundo en la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Bartolo, Freitoso y un cura errante que toma parte en la conversación.* 15 de novembro de 1836

*Sigue la Tertulia de Picaños. Asistentes a ella, los consabidos Farruco, Pepe, Andruco, Catuxá y un Abad recién llegado.* 15 de decembro de 1836

*Diálogo tercero en la Alameda de Santiago entre los mismos Cristovo, Farruco y el cura consabido.* 31 de decembro de 1836

Esta alternancia provocou que, xunto a coincidencia da imprenta de Campaña y Aguayo como promotora (agás o *Diálogo en la Alameda de Santiago*, impreso por Núñez Castaño), algúns teóricos apunten unha posible planificación do autor/autores das tertulias:

Parece que hai unha estratexia de publicación de ámbalas dúas tertulias ou diálogos e o feito de que salvo o primeiro diálogo na Alameda esté impreso na imprenta de Núñez Pazos e tódolos demais na de Campaña cicais signifique algo en canto que os autores delas poidan seren os mesmos<sup>36</sup>

Ademais desta significativa alternancia dalgúns dos textos de 1836, cómpre indicar as referencias intertextuais que existen en varios diálogos. Así pois, no caso das tertulias que levan o mesmo nome, establécese unha continuidade temática e mesmo no propio diálogo. Así *Sigue la Tertulia en la Quintana* pon en boca dun personaxe “pois como ia disindo” (en relación con *La tertulia en la Quintana*) ou, aínda máis significativo, o *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago* comeza abruptamente con Bartolo dicindo “Pois eu::: non vexô que dixêsemos, que lle poidese parecer mal”, en alusión ao falado no diálogo anterior.

Esta continuidade no diálogo e as múltiples referencias internas á propia transcendencia social de tertulias anteriores condúcennos a pensar na premeditación dos seus autores en canto á prolongación no tempo da publicación. Esta estratexia perfílase tamén a partir da resposta a comentarios escoitados na rúa pola información publicada en anteriores tertulias e da profundización en

---

<sup>36</sup> Rafael Chacón, 1986, p. 354.

temas só iniciados noutros diálogos. Esta característica resulta fundamental para considerarmos estes títulos como protoxornalísticos xa que, malia carecer dunha periodicidade estrita, amosa unha tendencia clara cara á continuidade.

## ANÁLISE DE CONTIDO

### 1. Os espazos

As tertulias foron creadas e teñen a súa área de difusión na comarca compostelá, polo que as súas páxinas refliten as pugnas entre os sectores liberal e absolutista en Galicia pero tamén outras cuestións de carácter máis local. A propia localización dos espazos onde os autores sitúan os diálogos dános conta da natureza e xustificación das tertulias.

Así, moitas delas teñen lugar en espazos reais e recoñecibles da propia cidade de Santiago como a praza da Quintana ou a Alameda. Porén, estes supoñen só puntos de reunión de personaxes que proceden doutros lugares próximos ao centro da “vila” como Vilvestro, Os Concheiros ou calquera outra zona indeterminada. É de salientar que, no caso da *Tertulia de Picaños*, os contertulios debaten no propio Picaños. Son habituais os comentarios sobre a procedencia rural dos contertulios. En *La Tertulia en la Quintana* cita Andruco: “Si che soupera que a Provisión habia de estar tan probe, non che viña oxo á Vila” ou “Esta é unha bribonada, que non sei como ajuantan os da Vila...”. No *Diálogo en la Alameda de Santiago* Farruco indica “Vaya, vaya, que non che pensei que viñesedes oxé á Vila”, ao que Bartolo lle responde: “Home, si vin foi porque non tiña cigarrillos no estanco, e cumpriame vir catálos á ó veredeyro: é ti ¿vés logo para á aldea?”. Na “Vila” de Santiago os personaxes comentan as noticias e escoitan os ruxeruxes que circulan pola cidade para logo levar a información aos seus puntos de orixe. É habitual que as conversas conclúan con referencias temporais nas que se incide na présa por regresar á aldea. Farruco di no *Diálogo en la Alameda de Santiago* que “Dios cho pague, Compadre. Conque si vos parece iremos tirando para Vilvestro que a noite ben encima” e Bartolo cita no *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago* que “vámonos, vámonos da qui que xâ é tarde, que á ti si te deixan falar tés que decir hastra decote”. No caso das tertulias que se celebran en lugares dos naquela época arrabaldos (Os Concheiros, Cacheiras, Picaños), os

personaxes comentan asuntos que escoitaron na vila ou que alguén lles contou. En *La Tertulia de Picaños* indícase “Pátria del célebre y honrado Vilas” e é precisamente este personaxe quen leva o fío da conversa, saúda e despide aos outros personaxes, polo que podemos dicir que é unha sorte de anfitrión do encontro.

A dicotomía entre os espazos rurais e urbanos ten un relevo semántico importante. O contraste entre a vila e a aldea reflítese nos acontecementos dos que son testemuñas. Namentres na aldea comentan os asuntos que escoitaron na urbe, na Vila relatan tamén o que ven, como é o caso da Procesión de Corpus en *La Tertulia de la Quintana*. Ademais, cómpre sinalar que a familiaridade dos lugares reais nos diálogos ficticios e, tamén, as numerosas anotacións físicas de entrada e saída de personaxes, situación do sol, procedencia ou ambiente da rúa permiten ao lector/oínte facerse unha composición de lugar e facilitan a recreación mental do escenario do diálogo. En *La Tertulia en la Quintana* un personaxe chega a preguntar a hora porque “desde c’ aquí estamos non dou o relo”, ao que os demais lle responden que ten que agardar a que “dea” porque está “aquelado, que lle rompeu unha roda”. Todos estes elementos escénicos alimentan a sensación de verosimilitude das tertulias.

## 2. A construción do relato informativo. A importancia dos personaxes

A construción destas ficcións dialogadas consegue que o lector/oínte teña unha sensación de naturalidade e credibilidade que, en realidade, agocha un coitado minucioso na forma e na dosificación da información. A propia natureza das tertulias preténdese cubrir dun halo de falsa inocencia. En *Sigue la Tertulia de Picaños* ofrécesenos unha reflexión sobre o significado das tertulias. O abade coméntalle a Vilas a súa condición de “filósofo” e Vilas explícalle esa natureza *inocente* dos encontros na súa casa:

Vilas. CONQUE Vosté por acá, Señor Abá!!

Abad. Si: vengo sobre cierto negocio::: pero me pasma ver á nuestros aldeanos hechos filosofos, y especialmente a V.

Vil. ¿E eso de filosofos he cousa de comer, señor Abá?

Ab. No, hombre, no: filosofos se llaman los amigos de la *sabiduría*, de las luces y reformas (ó sea del progreso).

- Vil. Pois, Señor Abá, sendo así xá lle digo que son eu filosofo, por que quero reformas.
- Ab. Ya, ya; por eso salió V. á lucirlo con su *tertulia*, metiendose, cual otro Don Quijote, á desfacedor de tuertos.
- Vil. Cáta, cáta! Xá sey por donde vay, Sr. Abá::: permítame é déixême falar.
- Ab. Diga V. lo que quiera, que está en su casa.
- Vil. Moitas gracias: pero ha de saber, Señor Abá, que **como agora son as noytes grandes, xûntanse aquí catro amijos do lugar, que cos da casa forman un-ha::: como se chama, para ir pasando o tempo, ¿fáise de carjo?**
- Ab. Si: conozco. Pero sería mejor pasarlas rezando el Santo rosario.
- Vil. Eso xá se fay; é non sempre ha de estar un rezando, **por que algo se ha de falar; é o caso he non marmular de ningen, é decir verdades amarguen á quen queira: ¡cantas deixâ un de falar do que pasa na Galicia, é estamos vendo, solo por que::: ahinda non lle hay a libertá que eu quixêra!**<sup>37</sup>

A presentación dos personaxes e as descrições das situacións serven de apoio para lograr a atención e a empatía cos protagonistas e coa súa conversa. O uso da fórmula pregunta-resposta outorga unha grande axilidade e un ritmo fluído ao relato e favorece a evolución nos temas e a introdución de novos aspectos e personaxes na conversación. Os personaxes presentan nomes, apelidos e mesmo hipocorísticos populares galegos como Vilas, Andruco, Freitoso, Mingos, Farruco, Dominjos, Cristobo, Bartolo, Pepe ou Catûxa. Este último caso resulta destacable porque supón a entrada nos diálogos dunha muller como contertulia. Non existe ningún tipo de discriminación ou mención á súa condición feminina no relato narrativo senón que se afonda na normalidade de que ela comente e discuta no mesmo nivel cós homes. Ademais, aparecen citados nas conversas numerosos personaxes da vida política dos eidos local, estatal e internacional da época que non sempre resultan recoñecibles xa que adoitan empregar alcumes tras os que se agocha a súa identidade real. A partir das súas palabras recoñecemos nos personaxes *rústicos* valores como a inocencia, a humildade, a honradez e o *vitimismo* que contrasta coa opulencia, fasto, soberbia e dobre moral que se lles apoñen ás clases dirixentes. Estas características favorecen, xunto co uso dunha lingua en rexistro vulgar, a creación dunha certa empatía e afinidade dos receptores cos contertulios.

---

<sup>37</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 358.

Se establecemos a arquitectura narrativa do texto esta pódese definir polo modelo clásico de tres partes: presentación, nó e desenlace. No caso das tertulias, a primeira e a terceira parte son moi curtas xa que só se refiren á presentación e despedida dos personaxes que, en moitos casos, resultan verdadeiramente abruptas. A parte intermedia ou nó en que se desenvolve a práctica totalidade da conversa non é lineal senón que presenta diversos puntos de inflexión marcados pola introdución de personaxes novos ou polo cambio do tema de conversa. O dominio dos picos de atención fai dos diálogos uns textos amenos e atractivos para o lector/oínte. En todos os casos, a propia evolución do relato establécese en función do obxectivo final que é o convencemento dos lectores/oíntes da ideoloxía que defenden os autores. A dosificación da información, a negación de supostas mentiras estendidas na opinión pública e o propio perfil dos personaxes vai guiando o receptor cara a unhas crenzas concretas que resultan radicalmente opostas dependendo de se a ideoloxía do promotor é liberal ou absolutista.

As descrições das presentacións e despedidas dos personaxes contribúen a aumentar a credibilidade do diálogo ficcionado e, tamén, a fomentar a identificación dos lectores/oíntes cos participantes. En *Sigue la Tertulia en la Quintana* Xâcobe indica “Con todo moitas ten feitas o tal pirillán... Pero fuxâmos do Sol que queima como lume e xâ que estamos de leer; sentémonos aquí debaixo dos balcos, que logo chegará Alberte”, ao que Andruco responde: “Abofé que xâ tarda, e eu relouco porque chegue logo. Vaia que este Sol todo he millo: hemos de ter unha boa anada, si Dios quer”. A introdución de Alberte na tertulia márcase pola súa disposición física. El di “Deixâdeme sentar, e namentras eu fago un cigarro, vos ide tomando un polbo, que esto he conto largo” e engade a continuación “¡que frouxo hé este cigarro!”. A conversa conclúe coas palabras de Xâcobe “Diolo queira. E agora vámonos daquí a oír unha Misiña, e pedir a Dios que inlumine os Señores Diputados”. Encontramos numerosas indicacións relativas a fumar cigarros, beber viño, consumir *polvo*, poñerse ao abrigo do sol ou do vento, preguntar pola saúde e ánimo dos parentes achegados ou volver para casa unha vez caída a noite. Debemos entender estas referencias como recursos dialóxicos de carácter escénico que contribúen a dar unha imaxe de autenticidade, verosimilitude e, sobre todo, fluidez ao relato, xa que alixeiran a densidade dos contidos políticos e permiten a transición entre temas.

Ademais, en varias tertulias engaden como apuntamento final un empraçamento para a vindeira conversa “cando estemos de leer” (*Diálogo en la Alameda de Santiago*), “vamos, hastra outro día que esteamos de bagar, pois aínda temos moito de que falar” (*Sigue la Tertulia de la Quintana*), e a curiosa despedida do cura no *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago* no que di “Adios amigos, hasta otro día: (*si el tiempo lo permite*)” que, ao ir caracterizado en cursiva fai intuír que probablemente se refira ao tempo da liberdade de imprenta e de expresión e non ás meras condicións atmosféricas.

### Arquetipos/Prototipos/Estereotipos:

Unha das características destes diálogos é que todo o peso narrativo recae nos personaxes. A partir deles, o(s) autor/atores establece(n) o seu discurso cunha vontade de naturalidade que depende da habilidade dos contertulios para tecer o faladoiro. Segundo os personaxes podemos delimitar uns estereotipos presentes en todos os textos analizados.

#### 2.a. Persoa que lidera a conversa e subministra información ao resto

En case todas as tertulias existe un personaxe que leva o fío da conversa e polo que os demais personaxes amosan unha clara admiración ante o seu bo falar e a súa sabedoría. Este protagonista conduce o diálogo e fornece ao resto dos contertulios información que escoitou ler ou alguén lle comentou. Non só comenta datos que coñece senón que recita parágrafos completos da Biblia e da Constitución. A súa capacidade argumentativa, elocuencia e coñecemento en profundidade dos temas que aborda fai que desartelle todas as posibles réplicas dos presentes. A caracterización deste personaxe está moi coidada e totalmente dignificada a partir do seu comportamento e das súas palabras. Non adoita exaltarse, malia a dureza dos comentarios doutros contertulios, senón que rebate os seus argumentos apoiándose na evidencia dos datos. Para subliñar a “superioridade” da súa razón, el ten sempre a última palabra e os seus opositores acaban normalmente recoñecendo a súa sabedoría. O caso máis paradigmático deste estereotipo é Vilas, presente na *La Tertulia de Picaños* e *Sigue la Tertulia de Picaños*; Farruco no *Diálogo en la Alameda de Santiago* ou o cura do *Diálogo segundo*

en la *Alameda de Santiago*. Noutros casos, o peso da información repártese entre varios personaxes que se alternan na dosificación de datos, entre eles, a *Tertulia en la Quintana*, *Sigue la Tertulia en la Quintana*, e *Encuentro y coloquio que tuvieron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso*. Neste último caso interveñen todos os contertulios xa que se trata da enumeración de representantes a eleccións de cargos públicos (procuradores en Madrid e Concello de Noia respectivamente) e cada un deles engade algún dato sobre os candidatos.

## 2.b. Personaxes *neutros*

Denominamos elementos *neutros* a aqueles personaxes que non fornecen información senón que serven de apoio narrativo para favorecer a dosificación de datos. Trátase de contertulios que só engaden algunha frase ou pregunta que permite aos demais tecer todo o seu discurso. Neste apartado incluímos a personaxes como Cristobo e Bartolo (*Diálogo en la Alameda de Santiago, Diálogo segundo en la Alameda de Santiago*) ou Pepe, Andruco e Catuxa (*Tertulia de Picaños, Sigue la Tertulia de Picaños*). Se no caso dos personaxes que funcionan como fío condutor preséntannos algúns datos da súa vida (por medio das súas palabras ou das preguntas que outros lles formulan), os personaxes “secundarios” entran e saen da conversa sen que teñamos a penas información sobre eles. A súa presenza serve narrativamente para aliviar o peso dos monólogos e fraccionar, tanto a nivel formal como de contido, os temas da conversa.

## 2.c. Personaxes que funcionan como contrapunto

Esta tipoloxía refírese aos elementos que interpretan unha sorte de “avogado do diaño”, xa que se limitan a ofrecer argumentos e preguntas maliciosas que o “relator” debe contrapoñer. Se ao comezo dos diálogos estes personaxes teñen moita forza argumentativa, pouco a pouco e ao longo da tertulia, vaise mermando a súa credibilidade e acaba totalmente ridiculizados. Non só se replican todos os seus comentarios senón que acaban agradecendo aos seus contertulios que lles teñan aberto os ollos ante a súa ignorancia. Un caso claro deste tipo de personaxes son Pascual e Basilio de *A Tertulia dos Concheiros*, que fican sen argumentos



ante a elocuencia do cura Don Clemente na defensa dos valores da Igrexa. Pola súa parte, Antón Terelo é un personaxe da *Parola de Cacheiras* que queda absolutamente ridiculizado (tanto pola lingua que emprega (castrapo paródico) como pola febleza dos seus argumentos contra as monxas e a favor dos liberais) pola superioridade argumentativa das palabras de Farruco e, principalmente, Goriño. Non esquezamos que ambos son os únicos casos de tertulias de marcado carácter absolutista.

## 2.d. O personaxe do cura

Mención aparte merece o personaxe do cura xa que cumpre diferentes papeis segundo a intencionalidade dos autores dos diálogos, ademais de pór de manifesto unha diglosia lingüística de relevo no texto. Segundo recolle Ramón Mariño, o papel do clero estaba a ser reformulado ante o temor da clase eclesiástica ao que entendía como forte envite por parte da ideoloxía liberal aos seus privilexios:

A formación que se dispensaba nos seminarios tiña por obxectivo non só o de prepara-los futuros sacerdotes para a administración dos sacramentos ós seus fregueses, senón tamén o de inculcárle-la defensa dos dereitos da Igrexa, que á altura do primeiro tercio do século XIX se entendían ameazados polo liberalismo. Para o cumprimento desta misión non servía xa aquel clero de orixe maiormente fidalga ou procedente de familias campesiñas acomodadas, afeito á vida regalada e desexoso de pingües beneficios que se integrara nas filas da Igrexa durante o Antigo Réxime; non se podía manter, por tanto, aquel estado de cousas anterior que, contra o ideal tridentino, non permitira que o clero se constituíse e consolidase como grupo inequivocamente segregado do mundo dos leigos e monopolizado pola institución eclesiástica (cf. Barreiro Fernández, 1997). O que agora se precisaba era unha especie de milicia clerical que marcasse rotundamente as fronteiras e diferencias co mundo laico e defendese a Igrexa nos tempos de dificultades que xa estaban vendo chegar<sup>38</sup>.

Fronte a unha curia decimonónica reacia aos cambios e preservadora dos valores sociais do Antigo Réxime, aparece xa que logo outro tipo de crego proclive aos valores constitucionais que se viñan de instaurar. Así, nas tertulias atopamos

---

<sup>38</sup> Ramón Mariño Paz, 1998, pp. 339-340.

exemplos destes estereotipos radicalmente opostos dentro do ámbito clerical. Por un lado áchase o cura sensato, de mentalidade aberta e defensor dos valores da relixión pero crítico cos usos cotiáns da Igrexa e, polo outro, o cura absolutista que denuncia as barbaridades cometidas polo novo réxime no nome da liberdade. Neste último caso, e segundo sexa a tendencia liberal ou absolutista da tertulia, así é o tratamento recibido polo crego. Do profundo respecto e admiración á ridiculización máis corrosiva, as intencións dos promotores da publicación non se paraban en sutilezas.

No *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago* e no *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago* atopamos personaxes de curas ben valorados e admirados polos contertulios. O perfil do personaxe é absolutamente liberal, favorable á Constitución e contrario aos trabucos e supersticións auspiciadas pola Igrexa. O *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago* preséntanos un crego que aparece na metade da conversa e amosa o seu pracer por coñecerlos. En todos os casos, o cura emprega a lingua castelá. O crego felicítaos polas súas boas palabras e insiste na idea do *diario*, xa debatida no *Diálogo en la Alameda de Santiago*. Deste xeito o papel deste cura é apoiar as ideas dos contertulios sobre a creación dun *bolatin* e explicar a importancia que este tería na poboación. Ademais, o personaxe serve para dar razón da relación de España coa Igrexa de Roma, en contra das faladurías que corren pola vila. A súa despedida é significativa do aprezo que mereceron as súas palabras:

Farr. Aja::: ben é a nay que ó paréu; no::: si predicáran asi todos, rápe ó deño si tantos burros habia; pro, ó que facian, é fan, he cerrarnos cada vez mais os ollos, é enchernos á cabeza de mentiras é tramoyadas; é ó probe que non sabe mais creos de boa fé:::<sup>39</sup>

No *Diálogo terceiro na Alameda de Santiago* repite presenza o cura anterior que, aínda se cabe, se amosa máis liberal que no caso precedente. Entra unha vez máis no medio da conversa e pregunta aos contertulios pola súa saúde e a da súa familia. Freitoso fala da enfermidade da súa Mingota que non dá sandado e xa sospeita se será vítima de “algún feitiso ó frida de ojo”, ao que o cura responde:

---

<sup>39</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 354-355.

Cur. Dice bien Farruco, amigo, que no ecisten semejantes hechizos, ni heridas de ojo, ni posesos, ni endemoniados, ni cuanto discurrieron mis compañeros para amedrentar al Pueblo sencillo é ignorante, y vivir á su cuenta. ¡Asi no ecistieran otras heridas que nos afligen y otros endemoniados que nos pusieron en el desastroso estado en que nos encontramos!<sup>40</sup>

O cura fai un breve percorrido pola última historia de España enumerando as sucesivas tomas de poder e conclúe:

Dos partidos muy marcados dividen á la Nacion Española: el uno es el carlista ignorante, fanatico y por lo tanto bruto, insolente y sanguinario; el otro es el liberal ilustrado, benefico y por lo mismo justo y amante del bien general: en todas partes luchan y pelean por defender sus tan encontrados principios; el hipocrita y egoista servil llama al liberal impio, irreligioso; y el liberal que sabe estos calumniosos epitetos son solo para engañar al pueblo incauto y encubrir asi los abusos, arbitrariedades y supersticiones de que viven, los desprecia: ¿y se pretende fundir tan opuestos elementos? ¿no sería mas facil unir los corderos y los lobos?<sup>41</sup>.

Con respecto ao perfil do cura antiliberal, encontramos un caso significativo no abade Choupiñas de *Sigue la Tertulia en Picaños*. Este personaxe amosa desde o comezo a súa curiosidade pola tertulia e, mediante preguntas e apuntamentos irónicos, vai indagando sobre os contidos da conversa. Así, maniféstase reticente con respecto aos liberais quedando en evidencia o seu absolutismo con comentarios como, ao preguntarlle Vilas polos contidos da Constitución, el responde “No la he visto, ni quiero” ou “No se puede hablar con gente ignorante, digan Vs. ¿y el que sirve al Altar, no tiene que vivir del mismo Altar?”. Os contertulios atacan certas prácticas da Igrexa como o cobro polas velas ou as misas e o abade non ten argumentos suficientemente evidentes como para retrucarlles. Ao marchar, abondo escaldado polas palabras dos veciños, estes mófanse del dicindo que “solo iba rosmeando *heregues, flamasones, la reliquion vay por terra::: en fin, vay fedendo*”. Este personaxe sérvelle(s) ao(s) autor/autores para mofarse da ignorancia e do amor aos cartos que os liberais atribúen aos cregos absolutistas.

<sup>40</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 372.

<sup>41</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 373.

*A Tertulia dos Concheiros* é, como veremos, un caso diferente. A súa defensa dos valores absolutistas fai que o personaxe do crego, don Clemente, estea claramente dignificado e as súas teses valoradas como correctas. El representa a defensa dos valores relixiosos e a denuncia da libertinaxe e outros perigos do liberalismo para as almas.

### 3. A cuestión lingüística

Cómpre sinalar a importancia de que estes textos estean escritos en lingua galega, non xa polo seu valor histórico ou lingüístico senón pola súa dimensión comunicativa.

A produción literaria que apareceu despois de rematado este período bélico en Galicia estaba tematicamente centrada no enfrontamento entre absolutistas e liberais, e nos anos trinta tamén chegou a ela a cuestión carlista. Estas composicións que incluían case sempre, xunto cos inevitables comentarios e reflexións políticas, noticias locais de actualidade que suscitaban a discusión, non puideron obter a gracia da publicación durante os períodos de supresión da liberdade de prensa: 1814-1820 e 1823-1836. O medio en que case que todas elas apareceron publicadas foi o da prensa e os folletos, que por aqueles anos, así en Galicia coma no resto do Estado Español, cobraron unha grande importancia. Desta maneira nestas angueiras pregaleguistas os editores e impresores xogaron un papel cando menos tan destacado coma o que lles correspondeu ós escritores<sup>42</sup>.

Henrique Monteagudo establece unha periodización da evolución sociolingüística que ten neste intre a súa primeira etapa. O filólogo denomínoa período de transición que abrangue de 1808 a 1840 e define o uso do galego como un fin puramente instrumental<sup>43</sup>:

No primeiro período comeza a circulación de impresos en galego, carentes de calquera aspiración de fundar un idioma culto. Trátase de textos de circunstancias, de carácter propagandístico, en que o emprego da lingua ten fins puramente instrumentais. A publicación de escritos en galego é esporádica e irregular, sempre concentrada nos breves

---

<sup>42</sup> Ramón Mariño, 1998, p. 379.

<sup>43</sup> Henrique Monteagudo, 1999, p. 343.

períodos de hexemonía liberal (1810-13; 1820-23; 1836-37). A escrita en galego a penas supera o nivel da simple transcripción da fala coloquial, sen pretensións de elevación nin depuración ou transcendencia. Todo isto reflicte unha conciencia do galego como dialecto, ou máis ben, como agregado de dialectos.

Segundo Rafael Chacón, o uso do idioma neste tipo de publicacións ten connotacións moi especiais xa que non hai unha preocupación específica pola lingua como tal, e si pola divulgación de contidos políticos aproveitando o carácter *popular do mesmo*. A introdución das linguas vernáculos nas publicacións periódicas durante este período é un fenómeno extensivo a toda Europa. No que respecta ao Estado Español, os textos en catalán foron os máis madrugadores; de feito, esta lingua estivo presente na prensa dende a súa orixe no século XVII. Jaume Guillamet indica, en efecto, que a primeira gazeta semanal nace no mes de maio de 1641 en Cataluña da man do impresor Jaume Romeu e que isto supón un fito para a historia da prensa en lingua catalá ao pé da *Relació de l'entrada i eixida de l'Exèrcit francès de lo comtat de Roselló* (1640)<sup>44</sup>. Este investigador sinala a existencia dun fenómeno lingüístico que atoparemos tamén na prensa galega do XIX. Así, Guillamet afirma que o catalán reaparece na prensa de Cataluña dous séculos despois da gazeta de Romeu coas cabeceiras *Lo Pare Arcàngel* (1841) e *Lo Verdader Català* (1843). Estas dúas cabeceiras simbolizan dous empregos completamente distintos da lingua catalá. Na primeira, *Lo Pare Arcàngel*, encontramos unha publicación arcaica, considerada precedente da prensa humorística, que utiliza un catalán *do pobo*. *Lo Verdader Català* é a primeira publicación literaria da Renaixença catalana na que aparecen poemas escritos nun catalán de tipo culto. Antes delas, existen outros exemplos significativos de utilización da lingua catalá en prensa determinada por dous obxectivos: a proximidade á lingua do pobo ou o intento de recuperación e dignificación lingüística. Ambos os dous casos aparecen reiteradamente, como vemos, na prensa galega do XIX.

Debemos ter en conta que en Galicia a lingua galega permanecera allea ao desenvolvemento da tardía prensa periódica. O primeiro texto escrito en galego é, lembramos, a “Carta recomendada” escrita por Ramón González Senra e publicada na *Gazeta Marcial y Política de Santiago* o 5 de febreiro de 1812. Despois deste

---

<sup>44</sup> Jaume Guillamet, 1994, p. 11.

caso e moi esporadicamente irán aparecendo artigos soltos en diferentes cabeceiras nos que os autores impostan un personaxe rústico. Por esta razón, a toma de conciencia do(s) autor/autores que analizamos sobre a importancia de empregar o galego para chegar á práctica totalidade dunha poboación que ten esa lingua como vehículo de comunicación e, ademais, carece de alfabetización en castelán, resulta fundamental. Os seus traballos foron pioneiros na divulgación da lingua galega dende un rexistro escrito e, polo tanto, considerado culto. Os textos, creados para seren lidos, presentan numerosos riscos de oralidade que reflicten este desexo de chegar doadamente ao receptor. Carballo Calero sinala que os autores galegos de finais do século XVIII e inicios do XIX non trataron de “escribir en galego, senón de falar en galego por escrito”<sup>45</sup>. Carré Aldao, pola súa banda, indica que:

Las pasiones políticas, muy vivas siempre, pero más en épocas de revueltas, utilizaron como gran arma el idioma gallego, por sus condiciones especialísimas para la sátira. Liberales y absolutistas publicaban Diálogos para ridiculizar a sus enemigos de lo que pueden servir de ejemplo: La Tertulia en la Quintana, Na Portela da Chaínsa y otros de los cuales no es raro ver publicados algunos hasta en los Boletines oficiales de la Provincia<sup>46</sup>.

Encontramos, tamén, expresións reiteradas como “tou tou, rabela”, “eles coman trigo e nós broa escarolada” ou “vállate a perdamá” que nos evidencian o uso da lingua dunha zona xeográfica concreta e advirten, mesmo, sobre a posibilidade de que sexan os mesmos promotores quen están atrás das diferentes cabeceiras. O rexistro vulgar da lingua galega empregada produce, do mesmo xeito que a tipoloxía dos personaxes, unha proximidade emocional no receptor, ademais da sensación de credibilidade e autenticidade do relato. Débese salientar, ademais, o uso da gheada nalgúns personaxes (particularmente Vilas). Tamén, a existencia de varias expresións reiteradas en varias tertulias de 1836 que polo uso de cursivas e polo contexto pensamos que, talvez, puidesen referirse a referencias veladas e sarcásticas ás trifulcas políticas existentes entre liberais e absolutistas ou asuntos doutra índole que non sabemos concretar pero que, en todo caso, o seu destaque no texto responde a algunha intención do(s) autor/autores.

---

<sup>45</sup> R. Carballo Calero, 1974, p. 33.

<sup>46</sup> Eugenio Carré Aldao, 1903, p. 24.

Andr. É Pepe. A Dios Farruco.  
 Farruco. Dormide ben. *Tõ Can: pasa Tigre fora*  
*Primera Tertulia de Picaños, 1836*

Pep. E Andruco. Boas noytes nos dé noso Señor.  
 Vil. Farruco: bota os *Cas fóra*.  
 Farruc. O *Tigre* reponse.  
 Vil Tal xênte teño na casa:::: podes decir tamen que he un faucioso mais::: asi anda todo:::  
*Sigue la Tertulia de Picaños, 1836*

Freit. ¡Ya se vé que si; é yo si fuera de min á quien manda habia de facer:::  
 Crist. Farías; farias::: coma todos, encher á andorga é::: *ladran os cás é eu estoume na cama*.  
 Freit. Que sabes tu lo que hábras.  
*Diálogo tercero en la Alameda de Santiago, 1836*

Cómpre salientar, ademais, a introdución de partes do coloquio en lingua castelá con diferentes obxectivos. Por un lado temos personaxes que falan castelán como mostra de formación cultural e, tamén, como elemento distanciador con respecto aos restantes contertulios:

Téñase en conta que en 1867 había en Galicia 6.097 cregos seculares, é dicir, un crego por cada 295 habitantes (cf. Barreiro Fernández 1991b:273); logo naquel ano de cada 295 galegos habería case un que ó longo da súa vida pasase pola experiencia de desclasamento anteriormente referida. Por outra parte este tipo de formación inculcada ós seminaristas non puido deixar de incidir en certa medida sobre as actitudes e condutas lingüísticas do pobo ó que volvían xa convertidos en sacerdotes, pois é sobradamente coñecido que entre os signos externos da súa autoridade e superioridade estaba o de utilizar exclusivamente o castelán en todos aqueles actos litúrxicos que non esixisen o uso do latín<sup>47</sup>.

As intervencións dos abades amosan un dominio lingüístico de relevo e non están decote inzadas de galeguismos, como as daqueles personaxes *rústicos* que empregan a lingua castelá con numerosas incorreccións. Coa introdución de cas-

---

<sup>47</sup> Ramón Mariño Paz, 1998, p. 341.

telanismos na boca dos labregos consideramos que os promotores pretenden, por un lado, a fidelidade na reprodución de frases feitas e textos memorizados ou, noutros exemplos, unha connotación paródica (caso de Antón da *Parola de Cacheiras*), xa que serve para poñer de manifesto a ignorancia destes personaxes e ridiculizalos.

Para Chacón, atopámonos nunha situación de *sesquilingüismo*, é dicir, de mutua comprensión que provoca que cada un fale non só nun rexistro diferente senón tamén nunha lingua distinta. Este recurso é empregado para caracterizar a cada un dos personaxes participantes. A lectura de textos e as predicacións dos cregos realízanse en castelán porque reproducen escritos que, evidentemente, estaban en lingua allea. Para este investigador “o conflito ideolóxico prodúcese desde o castelán e deste esta perspectiva é asumido ou denostado polas xentes que falan galego. O galego non serve aquí para producir ideoloxía, senón pra recibila e reproducila nunha suposta cataquese donde persoas cultas van desvelando os misterios da nova ou vella situación a xentes ignorantes ou pretendidamente ignorantes, que agradecen as ensinanzas”<sup>48</sup>. A importancia do uso da lingua galega véñse pondo de manifesto ao longo de todo o traballo pola súa transcendencia comunicativa. A publicación do semanario *O Tío Marcos d’a Portela* en 1876 da man de Lamas Carvajal evidenciará a transcendental pegada destes textos protoxornalísticos na historia da nosa prensa. Os seus parrafeos, artellados con rima interna e fórmula dialogada, recollen o legado das tertulias en galego do primeiro terzo do século XIX.

#### 4. A obtención de información

En moitos diálogos aparece explícito o modo polo que os contertulios obtéñen a información que nos fornecen na propia conversa. Estes datos resultan moi importantes para sabermos onde están as fontes e mediante que procedemento se chega a elas.

---

<sup>48</sup> Rafael Chacón, 1986, p. 355.



#### 4.a. Información de primeira man. Os personaxes son testemuñas directas dos feitos

En todos os diálogos introdúcese información da que os personaxes foron testemuñas directas. En *La Tertulia en la Quintana*, por exemplo, Andrúco protesta porque a procesión do Corpus pareceulle pobre e comenta a orde de autoridades que presidía a comitiva procesional que “pola Constituson, bendita sea, tócalle prisidir os Auntamentos ou Alcaldes todas as Prosisios que sallan pola vila, por que son Gobernantes dela e non os Crejos”. En *Sigue la Tertulia en la Quintana*, Andrúco relata as peripecias do seu fillo, militar, en Granaderos. Pola súa banda, en *La Tertulia de Picaños* Andruco acaba de regresar de Vilagarcía e os contertulios aproveitan para facerlle preguntas do acontecido eses días na vila: “Desíme, Andruco: ¿el he serto que botaron da lí á ó Administrador que había, que era el Castellano?”, ao que Andruco responde dando boa conta do que alí viu. A partir da información ofrecida de primeira man por algún dos contertulios, os outros partícipes da conversa van engadindo máis información do seu coñecemento e reflexións sobre os temas traídos a conto.

#### 4.b. Fontes orais

Referímonos neste apartado a aquela información que os personaxes coñecen porque lla escoitaron a alguén. Os datos proceden de fontes secundarias que, ás veces, son consideradas polos contertulios cribles e, outras, ruxerruxes profundamente criticables. En ocasións a fonte é citada explicitamente (por exemplo o caso do *amo* que informa a un dos contertulios) e, noutras, non se especifica. Neste último caso a fonte adoita ser “o que escoitaron na Vila”. En *La tertulia en la Quintana* Xâcobe afirma que, segundo “oínlle ao meu Amo”, entre a Igrexa e o Concello houbo disputas por ver por qué porta entraba a procesión. No *Diálogo en la Alameda de Santiago* Freitoso pregunta aos contertulios polas novidades, ao que Cristobo responde “Solo estando arrimados á porta do Señor Alcalde agardando que viñese para á casa, oimos á un fato de Señores que estaban nunha roleira falando de moitas cousas que pasan” e cita algúns dos temas que escoitou.

#### 4.c. Fonte escrita: a Biblia, a Constitución, papeis oficiais do Concello

Esta fonte de información resulta especialmente significativa, tendo en conta que a maior parte dos contertulios non saben ler. As referencias aos textos escritos (moi numerosas en todas as tertulias) van decote acompañadas de alusións ao proceso de recepción colectiva. Así, é frecuente a expresión “escoiteillo ler” ou “oínllo ler” en relación aos textos que se lían en voz alta para un pequeno público. Eses “lectores” adoitan ser parentes, cregos ou *superiores* dos contertulios, persoas cultas que accederon á educación e transmiten os seus coñecementos ao resto da sociedade. Cómpre sinalar tamén o alto grao de memorización que pretenden amosar os contertulios ao seren “capaces” de reproducir textualmente moitos parágrafos de diversos documentos, principalmente da Biblia, dos Concellos ou da Constitución. Esta reprodución literal dos contidos dos textos vén evidenciar a vontade dos autores de que estes textos sexan divulgados na sociedade nos seus estritos termos, como é o caso dos artigos da Constitución. Un exemplo paradigmático é o *Diálogo entre Dominjos e Farruco*, no que un dos personaxes explica varios apartados da Carta Magna e os beneficios que estes outorgan á poboación. Nese mesmo diálogo, Farruco fai explícito o seu analfabetismo e pídelle a Dominjos que lles lea uns papeis, petición que este acepta e vai resumindo os contidos da orde do xuíz.

En *Sigue la Tertulia de Picaños* Vilas pregunta ao abade polos contidos da Constitución e recoñece:

Vil. Eu tampouco lla lin, solo por que non sey, pero léumella, ahí donde vosté está sentado, ó meu rapás, moitas noytes, que lle he amiguiño de ler e afé afé que ten mais libros que moitos Crejos da aldea, á quen non se ve mais cun *Bribiario vello é á Cartilla do reso tapando ó xârro do viño*<sup>49</sup>.

A continuación, fai un resumo dos principais artigos da Carta Magna que demostra a súa presunta boa memoria e a súa atención á lectura. Enumera tamén unha longa listaxe de libros que “vostede aquí encontrará”, o que nos permite saber os libros que circulaban por Santiago nesa época. Nese diálogo, Farruco,

---

<sup>49</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 359.

fillo de Vilas, comentará outro libro no que unha tía aprende á súa sobriña, o cal pon de manifesto o coñecemento de textos que empregan o diálogo como método didáctico:

Vil. Non me lembro da-quel libro que tes ti, Farruco, das **copras en que á Tia enseñaba á súa Sobriña**.

Cat. É que libro he? Que **eu non me lembro de oílo ler**.

Farr. Pois eu xá vo-lo lin. É un libro en español, que reza dun-ha Tia que daba leucíos á súa Sobriña, é esta preguntáballe, si Dios perdonaría estes é os outros pecados; á Tia decíalle que si, tendo arrepentimento, por que Dios era misiricordioso: tornáballe á preguntar (...) <sup>50</sup>

No *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago*, Farruco responde, curiosamente, o mesmo que Vilas nesa *Sigue la Tertulia de Picaños* cando o crego lle pregunta onde obtivo tantos coñecementos.

Cur. (...) y dígame [A Farruco] ¿donde oyó aquellas doctrinas del Pápa? Que yo supongo no sería en las pláticas Dominicales.

Farr. ¡¡¡De xuncras!!! Non Señor, non::: eu lle direy, téñolle un fillo, (que xá he Bachilér) é moitas veces po-la noyte **está lendo ó pé do lár, eu estou-no escoitando, quedaseme moito na mamoria**; e vela-hí::: <sup>51</sup>

5. A conciencia da influencia na opinión pública. A necesidade de editar “deá-reos” para contrarrestar a información dos púlpitos

A conciencia manifesta dos contertulios de que coas súas parolas están a crear opinión na cidadanía resulta salientable en todas as tertulias. Os comentarios arredor da importancia das súas palabras escritas son recorrentes e están cargados de orientación propagandística. Son habituais, tamén, as anotacións ás informacións aparecidas nos *bolatins* da época polo que, podemos afirmar, estas tertulias xogan a miúdo un papel de contrainformación das publicacións oficiais e dos púlpitos. A suxestión de crear un diario que satisfaga as necesidades informativas

<sup>50</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 364.

<sup>51</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 349-350.

da xente e a propia reflexión sobre o efecto das publicacións no público dannos conta dos claros obxectivos comunicativos dos promotores e da súa teima por favorecer a instrución do pobo. En *Sigue la Tertulia en la Quintana*, Alberte rise de que alguén lle amosou un “deáreo” no que aparecen as súas palabras da Procepción de Corpus e das elucubracións sobre a suposta autoría do mesmo. Andruco defende a súa *capacidade* para crear opinión, malia a súa humildade e, como mostra de pensamento moderno, reafirma a liberdade dos cidadáns para se expresar aínda que carezan de formación académica:

Alb. Esa non marrou. Pero tamen me estíbo lendo un deareo, en que está escribido todo o que parolamos dia de Còrpus pola miñan; e non me poden ter coa risa, **cando me dixô que lle botaban as culpas a un...** ¡Valgate Dios!... xâ no malembro.

And. Ja, ja, ja... será a algunha persona a quen eles houbesen feito mal.

Alb. Poida ser: pero non che creen, que nos falásemos aquilo.

And. ¡Ay que diancres! **¿seique nos non somos capases de falar coma calquera?**

Xâc. Ó xeitiño, Andruco, que os de sayo de lan nunca souberon nada, sacándos do tarreo.

Alñb. ¡Ay Xâcobe! sabede, que anque sean os panos finos tamen se fan de lan, entendés?

**E sinon sabemos retrónicas comós da Vila, temos as tres potencias da alma tan boas comós que vesten de seda,** porque a sensia non chestá na vistententa.

Xâc. Neso tes rason Alberte

And. Vaia, que eu estou atrónica con estes da Vila: ¿quen habia de disir que nos habiamos dandar postos en letras de molde?<sup>52</sup>

A mesma defensa da *capacidade* para escribir un diario que fai Andruco en *Sigue la Tertulia en la Quintana* repetirase no *Diálogo en la Alameda de Santiago* de 1836. Cristobo anuncia a saída dun novo *deáreo* e os contertulios gaban as vantaxes da liberdade de prensa existente nese momento. Farruco insiste no dereito que lle dá a lei de facer públicas as súas opinións e, ademais, deféndelas na súa linguaxe:

Crist. ¡Ah!::: esqueciaseme unha cousa ¿sabedes que vai á salir na vila un deareo?::: polo que dixêron os Señores aqueles.

---

<sup>52</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 202.

Farr. ¡Pola vida!!! ayy amigos esa é unha cousa testisima é non sabedes canto me folgo por sabela

Bart. ¡Pardiola si sei porque te pós tan aquelado!

Farr. ¿E non me hei de poñer ó? **¿e ti sabes o que é poder un calquera ir á o emprentador é que lle poña en letras de molde, calquera injusticia ou tal... que fagan con el, sin mais nada que deixâr á sua firma ou un abono?::::** é non coma hastra o da qui que nada mais se emprentaba que novenas de Santos, ou á Cartilla dos Cregos. Vaya que xâ estoupo porque salla logo!

Crist. Falas coma un libro, Farruco.

Bart. ¡Ay Canté! pero doune á Dios si á ti te deixân emprensar nada; nin ti saves parolalo para levar á por no deareo.

Farr. A modo Bartolo ¡ay que diancres! **pois eu non son un ciudadano como calquera para usar do dereito que me da á ley? ¡o xêitiño ó! é si non me poñen o que eu queira co linguaxê que eu sei, non me faltará quen mo espique en Castellano: ¡faste burrican!**<sup>53</sup>

Encontramos tamén nas tertulias exemplos da reacción causada polos diálogos na opinión pública e nos estamentos oficiais. A aplicación da censura ás súas palabras causa indignación aos contertulios. Alberte conta en *Sigue la Tertulia en la Quintana* que o seu Amo lle dixo que a tertulia fora denunciada polos cóengos e declarada en parte inxuriosa pola Xunta de Censura da Coruña. Eles deféndense reafirmando a veracidade das súas palabras e salientan o apoio do amo. É de subliñar a súa sorpresa polo feito de que alguén *transcribira* a súa *inocente* conversa:

Alb. (...) [O meu amo díxome] **¿Que Gudas fue lo habráchedes alí que aljien vos escoitó y lo ha ponido en letras de molde?** disindo esto sacóu da bolsa da labita o deareo que vos dixên, e despois de que mo leu, preguntoume si fora asi, e eu respondínlle: Si mi Señor. *Vaia hombre*, me dixô el, *pues los Canonejos ya deron conta de vosotros: pirmeiramente al Señor Alcalde, y este lles digo, que non tiña nada con eso, que el cumpria con mandar dos Engenprares á la gunta.*

(...)

Alb. Pois aínda non vos hé esa burricada sola, sinon que polo que me dixô meu amo, foron ó Xûes de pirmeira istancia, e este despois de haberlles aconsellado que non fixêsen

<sup>53</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 328.

caso, vendo que non se guiaban por el, dixólles que fosen á Xûnta de Sensúra da Cruña: así o fixêron, e a Xûnta, segun contas, dou o tal deareo por inxúrioso en parte.

Xác. ¿E que quer disir inxúrioso?

Alb. Hé o mesmo que quitar o créto a alguén ou de obra ou de palabra.

And. **Pois por ahí non nos collen, porque apuradamente en todo canto falamos non lles describimos ningún comosellama de secreto, senon que todo hé prubico;** e nos non fixêmos mais nada que trajer a mamoria o que á cásique todos lles esquense de tan sabido; e mais quen che son os da Vila pra non asexâr o que pasa en todos os currunchos. Xác. ¡Caramba! Poden ser de la piel del diablo, para vixiâr, e senon **fasedebos de cargo que oídos e que mamoria podían ter os que nos estiberon escoitando día de Corpus**<sup>54</sup>.

Tamén no *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago* falan do efecto que a súa anterior conversa produciu, neste caso cun considerable anoxo do alcalde. Mófanse del e agasállano con outro longo capítulo de acusacións políticas. En *Sigue la Tertulia de Picaños* atopamos, ademais dunha reflexión sobre a razón de ser da tertulia, uns comentarios sobre a reacción negativa que provocou nalgúns “empreados” a anterior *La Tertulia de Picaños*. Como oposición salientan tamén o feito de que outras persoas lles desen ás agachadas papeis para publicar e mesmo a intención de continuidade da cabeceira:

Vil. Cála; que me volveron tolo po-lo demo da tortilla, ou tirtulia, **é doume un empreado un papeliño con moito secreto para que o pobríque (mañá o lerás)** eu dixênlle: Señor!::: vaya, Vilas, ¿conviene al bien de la Patria:::

Farr. Pois á min, por á tal tortilla, houvéronme de comer os empreados de ahí da bayxô, cando lles levey os tabacos.

Pep. E á min vanme ó lombo, se non fûxo, os do Carril que estaban en Villajarsia.

Vil. **Mañán verédes ó que dicen os papés que me deron na Cruña:** é por hoxê íde con Dios, que he hora<sup>55</sup>.

A tertulia máis importante dende o punto de vista da reflexión do labor xornalístico e da opinión pública é sen dúbida o *Diálogo segundo en la Alameda de*

---

<sup>54</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 203-204.

<sup>55</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 365.

*Santiago.* Aquí dialogan sobre a necesidade de transmitir información á xente e de publicar un diario que contrarreste a información divulgada dende os púlpitos, ademais da xa reiterada cuestión do efecto da tertulia anterior. O máis significativo quizais é que o gran defensor dun novo medio de comunicación é un cura. Con respecto á cuestión da anterior tertulia, Freitoso pon de manifesto o malestar do Concello polas súas letras:

Freit. Esa es una discursa: yo si no vine fué pro que me tuvo enredado el hijo del amo, contandome que algunos del Auntamiento viego están quemados por lo que habramos dellos el outro dia aqui en la Alamieda<sup>56</sup>.

A chegada do cura fai reiniciar o debate sobre a saída dun novo diario establecida no primeiro diálogo da Alameda. Cristobo di que el llelo escoitou “á uns Señores” na rúa do Vilar e o sacerdote insiste na importancia dun medio de comunicación polo seu valor de instrución do pobo. O carácter ilustrado do cura queda de manifesto ao avogar pola necesidade de aprender a todos os sectores sociais, especialmente a aqueles que tradicionalmente foron afastados da formación:

Cur. Pues amigos, eso era de lo mejor que podian hacer, no digo ya los liberales en particular, sino el mismo Gobierno: un papel público en cada Provincia, destinado solo á instruir al pueblo, es decir, á los paysanos ó labradores, á los menestrales, á todos aquellos en fin á quienes no es posible que lo hagan de otro modo, es necesario, es indispensable en todo Gobierno libre que quiera consolidarse, y mucho mas en nuestra España: por que amigos, es preciso confesar que no somos mas felices por no ser mas instruidos, y que el germen de nuestra desgracia está en nuestra supina ignorancia<sup>57</sup>.

O cura é consciente da importancia da opinión pública, termo que chega a citar como equivalente de pobo, como motor dos cambios sociais e, por iso, insiste na necesidade de tela informada cun novo medio. Debemos subliñar o feito de que o cura asuma o analfabetismo da poboación como unha eiva aínda non superada e proclame a necesidade de que o novo semanario sexa lido en voz alta por

---

<sup>56</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 344.

<sup>57</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 350.

persoas letradas para o común dos receptores. Esta reflexión pon de manifesto a consciencia dos autores destes textos do relevante papel que cumpren as tertulias na opinión pública, tal e como vimos sinalando ao longo do estudo. Non se trata de tertulias descoidadas ou inocentes senón que teñen un profundo traballo de reflexión sobre as necesidades e características do público receptor:

Cur. Yo les fui Frayle, amigos, **la opinión publica, ó el pueblo que es lo mismo**, conociendo nuestra inutilidad y los perjuicios que causabamos reunidos, nos hizo volver á la sociedad, de donde no debiamos haber salido. Con mi pensión y alguna cosita mas que uno se agencia se va viviendo, sino tambien y con las cómodas superfluidades que antes, al menos con mas quietud y sin tanto escandalo; hablo esto, por que asi cuanto yo les diga no les podrá parecer sospechoso, ya por que deben suponerme instruído en lo que les diré, é ya por que hablaré contra mi mismo. Nada mejor, como dige antes, que un periodico destinado á desasnar ciertas gentes ignorantes de las cosas mas necesarias: **este periodico semanario, leido por los Curas y Jueces (no una ni dos veces solas) al pueblo, mientras que este no sabe leer y escribir como debe todo ciudadano Español segun lo prescribe sabiamente un articulo del Código fundamental**, es lo indispensable para que el Gobierno llegue á un estado en que pueda ir trabajando en la felicidad de esta nacion tan digna de serlo<sup>58</sup>.

Bartolo apunta que existe xa algo parecido ao que el demanda, o Boletín que os abades len despois da misa, e o cura críticoa porque o considera inútil xa que non emprega unha linguaxe que o pobo poida entender. Inclúe, ademais, uns apuntamentos sobre o que el considera un medio de comunicación útil para a cidadanía e mesmo indica os contidos que debería ter. Sinalan a necesidade de incluír explicacións sobre temas que afectan á vida do cidadán como a política ou a economía doméstica de xeito que sexan intelixibles para todos. Esta definición do periódico ten un notable relevo porque amosa o criterio xornalístico dos autores e a modernidade do seu pensamento a nivel comunicativo:

Cur. Ya se, ya, que tienen el Boletin, pero díganme ¿que instrucción sacan de su lectura? Ninguna: es lo mismo que si les habláran en griego. Los Boletines oficiales es una prueba

---

<sup>58</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 350-351.



irrecusable de nuestra trastornada administracion: ¡tres pliegos de papel cada semana embardunados solo con ordenes, contraordenes, leyes, ampliaciones, restricciones!!! ¿quien será el dichoso que se forme una idea justa de nuestra legislacion? (...) **El papel que yo digo sería destinado, un día á explicar un principio de moral, ó de deberes del hombre en sociedad; otro día de politica, intelijible á todos; otro de economías domesticas; otro de adelantos en la agricultura; y asi de todos los ramos indispensables á la prosperidad de una Nacion**, porque nosotros ¡gracias al Señor! de todo tenemos suma falta<sup>59</sup>.

Por último, e dentro do apartado de efecto na opinión pública, queremos sinalar a importancia dalgunhas despedidas das tertulias. Nelas constátase tanto a intención de continuidade e a suposta vinculación dos diálogos co tempo libre dos contertulios (aspectos directamente relacionados coa súa periodicidade) como o propósito de falaren de temas que interesen á poboación:

Alb. Vamos. Outro dia falarèmos doutras moitas cousas que á todos nos importan; e por ajora deixèmos os Canonejos que ben sentènden, e ó Gobierno tocalle entendèlos á eles<sup>60</sup>.  
*La Tertulia en la Quintana, 1820*

And. Vamos, hastra outro dia que esteamos de bagar, pois ainda temos moito de que falar<sup>61</sup>.  
*Sigue la Tertulia en la Quintana, 1820*

## 6. Temáticas

Os temas abordados nas conversas resultan coincidentes. A Inquisición, a desamortización, a Carta Magna, as eleccións, a loita liberal-absolutista, a Igrexa, a monarquía ou o poder da curia aparecen reiteradamente ao longo dos diálogos, ben sexa para criticalos ou para loalos, dependendo da tendencia ideolóxica da tertulia. Porén, aínda que os temas dos que estean a falar sexan os trabucos, a Universidade, a composición do Concello ou as eleccións a cóengos, a loita entre os partidos antagónicos dese momento histórico mantense como pano de fondo.

<sup>59</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 351.

<sup>60</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 195.

<sup>61</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 207.

Así, poderíamos cualificar a pugna liberal-absolutista como a cuestión transversal que percorre todas as conversas. A oposición frontal de ambas as dúas ideoloxías plásmase en asuntos políticos concretos pero tamén nun nivel máis abstracto e teórico. No *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago* esta teima ponse de manifesto explicitamente:

Cur. Habla bien, Farruco: nada falta á los liberales sino abrazar á sus enemigos, darles sus propias armas para que con ellas le atraviesen su filantropico corazón; y que después ellos riendose de su candor, llámen debilidad y cobardia lo que fuera excesiva bondad. Pues en cuanto á la impunidad que se egerce con los criminales, no diré nada; pues hablan mas los hechos, que cuanto puedan decir todos los escritores de la España ¿á quien no pasma ese indulto interminable, que no es sino una puerta abierta al crimen? ¿que mejor salvaguardia para el malvado que tener un asilo á todas horas y en todas ocasiones, sin escepcion de delito alguno? Yo confieso que no puedo imaginarlo: ¡ah! Que cara ha de costar á los liberales esta punible indulgencia, esta criminal insensatez! Y acaso se egerce solo con los enemigos carlistas? ¡ojalá asi fuese! Pero es igual con todos: asi el ladrón, asesino, mutilador, incendiario ó faccioso con un solo nombre, como el traydor á su Reyna, el que juega á dos manos, á todos se les perdona: todo se mira con igual desprecio<sup>62</sup>.

Noutros diálogos, as guerras liberais-absolutistas dilúense en temas locais que deixan entrever o alto grao de conflictividade social do momento.

### 6.a. A crítica á Inquisición

En liñas xerais, a crítica á Inquisición é contundente. No *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago* o abade e Farruco censuran as supersticións estendidas polos cregos na poboación. Pola súa parte, Vilas indica en *Sigue la Tertulia de Picaños* que rematou o tempo das *patrañas*:

Vil. (...) Foyse aquel tempo da que chamaban *Sta. Inquisición*, da que se valían os birbós para desfacerse secretamente de canto home sabio aparece, pra que no nos abrisen os ollos

---

<sup>62</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 374.

por que metidos alí sin que ningen soupese deles, nin aun á sua xênte, sin defensa é forman-dolles un-ha causa chea de embrollos é patrañas que solo os Inquisidores entendían::: ¡Ah!!! ¡si aquelas paredes puideran decir os moitos inocentes que sacrificaron os Frades, cregos é Señores! os tormentos que alí se inventaron! ¡os asesinatos que alí se cometeron!:::63.

Ademais, resulta interesante a distinción que fan entre relixión e Inquisición, para o que loan a figura bondadosa de Xesucristo fronte aos atropelos da institu-ción relixiosa. É de salientar que este tipo de exposición que loa os máis profundos valores relixiosos e critica as institucións eclesiásticas xa aparecera en Galicia en *Os rogos de un gallego* de Pardo de Andrade no ano 1813. Nesta liña, a inclusión nas tertulias de abades caracterizados por unha sensatez e bonhomía que permiten unha total empatía cos labregos (*Segundo diálogo en la Alameda de Santiago*) pro-duce o efecto de ofrecer argumentos para rebater a acusación de “anticlericais e ini-migos da relixión” con que os absolutistas deostan os liberais e evidenciar que non son contrarios á relixión senón aos abusos das altas cúpulas dirixentes da Igrexa.

#### 6.b. A defensa da Constitución

A Constitución é o gran tema das tertulias, xa que aparece citado en todas elas. Nos anos de publicación das tertulias, 1820 e 1836, víñase de restaurar a Carta Magna de Cádiz de 1812, polo que o(s) autor/atores destes textos pretendía(n) divulgar as “bondades” da nova lei. Extraemos algúns parágrafos significativos, nos que se pon de manifesto a vontade de explicar os beneficios da Constitución, os privilexios clasistas que elimina, a necesidade de defendela e promocionala entre a xente e, mesmo, o seu carácter *sagrado*. Non faltan críticas a quen se rexe aínda pola lei vella, en acomodo aos seus intereses e, tamén, á presenza de traba-lladores contrarios á Constitución na Administración:

Domin. Jrasias que xâ temos á *Santa Costituson* xûrada, é manda no artículo 306, que non se allane, á casa de ningun suidadano, é non se lebe á cadea dando fianza nos casos que permite á ley, segun o artículo 295, é por ò 255 cada un pode dar conta dos xúses que non cumpran co asua obrigason, é que nos rouben, pois xâ sabes que antes formaban

<sup>63</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, pp. 358-359.

esas que chaman causas de ofisio cando lles desian as verdades, é acababannos con todo canto tiñamos sin deixârnos nin un-a aresta; pois tan desalmada é esa canalla que non teñen mas proxímo nin mas Dios que os cartos é deixârnos á pedir limosna<sup>64</sup>.

*Diálogo entre Dominjos e Farruco, 1820*

Vil. (...) Mais volvendo á Sabia Costitusion, que vosté por burla lle chama libro sagrado, díjolle que está ben chamado porque contén as leys santas que deben gobernarnos fundadas nas divinas que se encerran no outro libro, tamén ben chamado á sagrada Escritura, que manda *nos amemos uns á outros como hirmáns, sin engañarnos, roubarnos nin matarnos...*<sup>65</sup>

*Sigue la Tertulia de Picaños, 1836*

### 6.c. A denuncia dos abusos de poder de clérigos e letrados

Os abusos das clases privilexiadas —principalmente letrados e curas— aparecen recorrentemente nas tertulias. O recurso ao *vitimismo* dos personaxes opoñendo a súa honradez e indefensión ante os excesos dos poderosos obtén moi bos resultados propagandísticos. Critícanse os trabucos, eses pagos a procuradores, escribáns e curas que consideran inxustos e excesivos e que a Constitución, segundo eles, abolirá. Fronte a este afán desorbitado de lucro das clases superiores sitúan a fidelidade á raíña e á Carta Magna dos contertulios:

*Dom.* Desa maneira ben che poden ter duas amas de cria, tres criadas, comer pichons, coellos, jaliñas, perdises, cabritos, carneiros, é porcos sebados; mala rabia neles, é mal resajario, nosoutros desnudos, comendo un pouco de fariña é berzas cocidas en ajua, pan de millo cando ó temos, mollados, suados, sin dormir, é cheos de fame, ¿é por que? por dar cumprimento á estes papés que de nada nos sirven, nin na parroquia hay ningun-a das cousas que ó Xúes nos quer faser saber, é el ben ó sabe; pero como ó conto é sacarnos catro ou sinco mil reas cada ano, é comer porcos sebados acosta de noso lombo, por eso ó fay<sup>66</sup>.

*Diálogo entre Dominjos e Farruco, 1820*

---

<sup>64</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 181.

<sup>65</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 360.

<sup>66</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 179.

## 6.d. Asuntos de carácter local

Hai varios asuntos de carácter local, principalmente político, que teñen unha importante presenza nalgunhas tertulias. Así, as eleccións a procuradores, a representantes municipais ou a cóengos acaparan gran parte da conversa dos contertulios, quen amosan a súa opinión sobre os candidatos. En tertulias como o *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago* faise unha enumeración dos nomes e cargos candidatos a postos no Concello e, a continuación, cada personaxe vai apuntando referencias sobre a súa sona e a súa tendencia política. Trátase habitualmente de comentarios despectivos. Non obstante, a cuestión de carácter local máis significativa que se aborda nestas tertulias é a rivalidade entre as cidades de Santiago e da Coruña que se establece en *La Tertulia de Picaños*. Os contertulios amosan a súa indignación polo pedimento da cidade da Coruña de que a Universidade vaia para alí. Ante as palabras de Vilas (“¿Non habedes de creer que esos fachendas da Cruña que nunca fartos se vêxan, representaron á Madrí pidindo que á Universidade da-qui fose para alá? Parece conto pero no no é”), os outros acusan aos coruñeses de querer levar todo para a súa cidade: “Xá eles puderan, que non quedaba Catredal, Espital, Seminario, nin outras boas pezas que hay na Vila é hasta Picaños corría peligro”. Atopamos neste diálogo, ademais, contidos de gran valor político xa que se establece unha defensa afervoada do liberalismo de Santiago fronte á Coruña, argumento que, xunto coa capacidade defensiva, expoñen os coruñeses para pediren a Audiencia. De novo Vilas elabora un discurso sobre o liberalismo santiagués:

Vilas. Direibos::: si comparás á Cruña con Santiago, he este mais liberal ou constitucional. Esplicareyme: Santiago he, como sabedes, pueblo de cregos é frades; e viven uns con outros (así como eu teño que vivir con todos): por tanto non debia haber aqui en ningun tempo (bou a un decir) un que quixêse á Constitución, por que por ela báixálles o bolso é á panza á aquela xênte: na Cruña he ó robés; hay poucos de croa, é viven do tráfico é comercio, á quen protexê aquel sagrado Código: por tanto non he virtú (acho eu) ó ser alí amante da libertá, é heo si, ó selo en Santiago<sup>67</sup>.

*La tertulia de Picaños, 1836*

---

<sup>67</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 339.

Con todo, o caso máis paradigmático de tratamento dun asunto local nestas tertulias é o *Encuentro y coloquio que tuvieron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio, é Pepe Alonso, o día 13 de Noviembre de 1836, en que se nombrou na-quela vila ao Auntamento Costitucional*, na que os personaxes valoran os resultados electorais na vila noíesa e a reacción popular.

#### 6.e. A monarquía

As referencias á monarquía española aparecen esporadicamente e presentan certa intensidade nalgúns diálogos. Nestas tertulias, a defensa de Isabel II é afervoada e contrasta, como veremos, cos contidos da *Parola*, onde se critica que a muller poida ocupar calquera cargo público, e moito menos o trono real. No *Diálogo en la Alameda de Santiago* Farruco bóttalle en cara a Bartolo a súa falta de fidelidade á raíña e, no caso do *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago*, o cura critica o labor dos absolutistas e a súa deslealdade, nese momento, a Cristina:

Cur. (...) caimos en las garras de unos viles apóstatas, traydores á sus principios, y vendidos á cierta clase de enemigos (por que tenemos mas enemigos que los carlistas); pero la España, manifestando su justa indignación en todos sus ángulos, le hizo ver á nuestra angelical CRISTINA que no eran estos infames los que afirmarian la Corona de Castilla en las sienes de la inocente Isabel: le sucedieron los que ecsisten y::: me abstengo de su calificación: ello dirá. Todos ellos, unos y otros tubieron por norte y divisa la maldecida fusión y la impunidad en toda clase de delitos: he aquí, a mi entender, la causa de nuestro deplorable estado<sup>68</sup>.

*Diálogo tercero en la Alameda de Santiago, 1836*

#### 6.f. Universidade

Este tema non ten relevo como cuestión de debate pero si aparece con comentarios esporádicos que manifestan o coñecemento que os autores dos textos teñen do mundo universitario. As referencias a profesores e ao propio reitor xorden nalgunhas tertulias.

---

<sup>68</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 373.

## 6.g. A presenza de acontecementos históricos recentes

A recente Guerra da Independencia contra os franceses do ano 1808 está aínda viva nos comentarios dalgunhas tertulias. Non só iso. As persecucións que no ano 1823 sufriron moitas persoas do ámbito liberal da man dos absolutistas son denunciadas nos diálogos e mesmo se citan listaxes de persoas perseguidas por mor da súa ideoloxía. É o caso da enumeración de santiagueses que tiveron que abandonar a cidade “po-lo Demo (arrenegado sea) do Despotismo” en *La Tertulia de Picaños* ou a represión sufrida por D. Sinforiano<sup>69</sup> no ano 1815 (*Diálogo tercero en la Alameda de Santiago*). Ademais, critican a cantidade de funcionarios da actual administración que anos antes se gababan de “ter matado liberás” e hoxe amosáanse amantes da Constitución. A loita liberal-carlista maniféstase a partir de denuncias e antigas vinganzas.

## 7. Dous casos significativos: a *Parola* e *A Tertulia dos Concheiros*

Se ben xa citamos o caso distintivo de *A Tertulia dos Concheiros* e, particularmente, da *Parola k'houbo entre Goriño Antelo, Farruco allende é Antón Terelo a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que á oeu agachado tras d'unha pipa; ó que viña de camiño* (coñecida como *Parola de Cacheiras*) por defenderen ideais políticos contrarios ás demais tertulias, neste apartado afondarase na súa peculiaridade. Ambas as dúas resultan posteriores no tempo ás outras xa que datan, unha de 1836 e, malia que descoñecemos a data exacta de *A Tertulia dos Concheiros*, diversos datos fannos intuír que debe ser algo máis tardía. Isto induce a pensar que o(s) autor/atores destas obras coñecía(n) xa estas tertulias liberais e considerou/consideraron a posibilidade de responder aos seus opoñentes políticos coas súas mesmas *armas comunicativas*: creando outros diálogos que, iguais en forma pero radicalmente diferentes no fondo, divulgasen o seu ideario.

---

<sup>69</sup> Sinforiano López Alía, líder popular na Guerra da Independencia e home de talante liberal e constitucionalista, foi moi criticado pola prensa absolutista, en especial a *Estafeta de Santiago*. Este home, vítima da represión absolutista, morreu en 1815 segundo Pérez Costanti, polo que é considerado un dos primeiros mártires da causa liberal.

Esta presuposición inicial permítenos comprender por que o(s) autor/atores recorreu/recorreron a este tipo de textos cun afán contestatario e, á vez, didáctico. As afirmacións que, tanto na *Parola de Cacheiras* como en *A Tertulia dos Concheiros*, se formulan parecen ter como promotor algún membro da Igrexa. Mesmo na *Parola* un dos personaxes chega a dicirlle ao principal predicador da causa relixiosa no diálogo: “Creo de mi que algun frade ó clérigo vos ensaió, porque de tal modo parolás que parecés uno d’ellos”. A censura dos valores constitucionais e liberais, así e como a defensa da lei sálica, a negación da capacidade da muller para asumir postos de responsabilidade política, unha profunda fe relixiosa ou a crítica á libertinaxe que domina o mundo poñen de manifesto a afinidade dos autores co bando absolutista. En *A Tertulia dos Concheiros* a exposición de argumentos contra os liberais é máis sutil ca no caso da *Parola*. Empregan unha técnica de persuasión que se basea na inclusión dun personaxe liberal a quen os demais van derrubando as súas ideas por medio dunha enumeración aparentemente incontestable de virtudes da Igrexa. Este personaxe, Pascual, non só fica ridiculizado polas palabras de Alberte e o cura don Clemente, senón que, ademais, queda perfilado como un herexe. Don Clemente fai unha longa listaxe de barbaridades cometidas polos liberais e enxalza o labor dos cregos e o seu dereito a cobrar polos seus servizos porque “las fatigas que pasamos despues en un confesionario, y á la cabecera del enfermo, me parece que son dignas de retribución como el jornal que se da á un zapatero ó á un sastre”.

Na *Parola de Cacheiras* a mensaxe antiliberal resulta máis evidente. Comezan criticando unha reunión que tivo lugar na vila na que “catro pillos q[u]e así ó decían ás panadeiras é toda xente, descamisados anq[u]e vestidos d’urbanos, alborotando á praza maior e toda á vila gritando coma loucos Viva la libertá, viva la Constitución, viva á Republica, viva la libertá de Francia, mueran los frades, mueran los curas, q[u]e sei eu os disparates q[u]e decían”<sup>70</sup> e enumeran as persoas que alí estaban cos seus nomes e apelidos. Neste caso, ao contrario das outras tertulias, as intervencións dos personaxes articúlanse por medio de monólogos extensos que, case poderíamos dicir, utilizan as diferentes intervencións unicamente como transicións. O personaxe de Antón critica, cun castelán inzado de galeguismos en ton sarcástico, os abusos dos curas e os demais personaxes fan

---

<sup>70</sup> Ramón Mariño Paz e outros, 2008, p. 378.



amago de marcharen ante as súas palabras. Pero Antón pide outra ronda á taberneira e proseguen falando. A medida que avanza o relato é Goriño quen elabora os discursos de fe relixiosa afervoadada e defensa dos valores da Igrexa, a quen hai que perdoar as súas faltas porque tamén é “pecadora”. Ademais, fai votos pola lei sálica con argumentos que desvirtúan, e mesmo anulan, a capacidade política da muller. Con exemplos bíblicos critica a Cristina e a liberdade de prensa e demanda un home para o trono de España.

A claridade expositiva de Goriño, a súa elocuencia e a cantidade de datos históricos que achega acaban convencendo ao personaxe liberal. A mensaxe que se transmite ao receptor é, pois, de connotacións absolutistas e de censura dos liberais. A bondade da relixión, as virtudes da Igrexa e a perfidia dos liberais que só procuran a perdición moral da sociedade acaban imponéndose como valores a defender. O receptor recibe nestes diálogos unha resposta a todos os argumentos contrarios aos absolutistas presentados nas tertulias liberais. Reafírmase, xa que logo, a teoría de que estas tertulias tardías saíron como contestación a aquelas que nos anos 1820 e 1836 proclamaban a implantación da Constitución e a necesidade de abolir os dereitos de clase. Esta resposta permítenos intuír o éxito e a efectividade (tanto en modalidade expresiva como no uso da lingua galega) das mensaxes lanzadas polos liberais na poboación, que mesmo chegou a ser copiada polos absolutistas.

#### 8. A finalidade das tertulias “en letra de molde”: A modo de conclusión

Se o carácter propagandístico das tertulias é algo patente, unha revisión polo miúdo dos seus contidos permite establecer moitos matices que nos presentan estes textos como unha rica reflexión de tipo comunicativo. A propaganda liberal sitúase como pano de fondo dos diálogos, onde tamén aparecen reflectidos outros obxectivos dos autores, entre eles a divulgación, a denuncia ou a mera arenga política.

A vontade de transmisión de coñecemento dende unha óptica ilustrada queda patente nas palabras do cura do *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago*, que pode resumir perfectamente a finalidade divulgativa das demais tertulias. El propón o nacemento dun diario que debe ser lido publicamente por persoas letradas namentres o resto da poboación non aprenda a ler, tal e como recolle a Constitu-

ción. Este labor, en certa maneira, estano realizando as propias tertulias. Trátase, pois, da primeira reflexión que, dende o punto de vista do labor comunicativo, se realiza nun texto publicado en galego. Así, aínda que o discurso creado sexa posto en boca dun cura que fala en castelán, o contexto comunicativo en lingua galega e os destinatarios aos que vai dirixido permítennos entendelo como unha defensa acérrima do valor de divulgación dos medios de comunicación impresos entre os cidadáns que vén da man da lingua propia.

Como xa vimos, o sacerdote do *Diálogo segundo en la Alameda de Santiago*, insiste en que a maior desgraza dos tempos coetáneos é a ignorancia, tal e como defendían os ilustrados, e propón a difusión dun medio de comunicación que permita á poboación evitar tal eiva. Fai fincapé na necesidade de que a poboación entenda o que se lle di cunha linguaxe clara e axeitada ao seu perfil. Cando o cura liberal realiza tales afirmacións podemos entender a vontade coa que os autores anónimos escriben estas tertulias e como, tanto o uso do galego coloquial como a transición de temas ou a súa proximidade xeográfica, son cuestións nada aleatorias e si produtos dunha interesante reflexión previa por parte dos seus autores. As denuncias das atrocidades absolutistas, dos abusos de poder de clérigos e letrados, das alteracións dos votos a cargos públicos, e dos funcionarios que mudaron de bando e disfrazaron o seu carlismo en aparente amor á Constitución resultan recorrentes. Os exemplos de inxustiza supoñen unha arma de convencemento para os oíntes e cada caso concreto de denuncia disfraza a grande arenga política que subxace ao relato.

A proximidade emocional co receptor é lograda mediante recursos relacionados coa lingua, coas referencias locais e co perfil *rústico* dos personaxes, así como mediante a introdución de anécdotas cotiás na conversa. Todos estes factores producen no público unha sensación de credibilidade que sitúan por un lado os protagonistas como persoas humildes, honradas e dignas e, polo outro, os curas, alcaldes e letrados como auténticos amantes do bo vivir e defensores da antiga lei. A *arresponsabilidade* que proporciona o anonimato das tertulias e o seu carácter inocente —lembrems que en todos os diálogos aparece unha referencia á sorpresa dos contertulios porque os textos foron transcritos e publicados— afonda na vontade de verosimilitude dos autores.

As bondades da Constitución e as supostas barbaridades acometidas polos carlistas decantan a balanza *moral* a favor dos liberais nun tempo no que a pugna

liberal-absolutista por obter o favor popular resultaba encarnizada. Debemos ter en conta que gran parte da poboación era analfabeta e a única información que recibía cinguíase ás arengas dos púlpitos dende os que se proclamaba a libertinaxe e irrelixiosidade dos liberais. Para contrarrestar este *dominio comunicativo absolutista*, os liberais recorreron a estas tertulias “en letras de molde” pero que, como xa analizamos, están claramente escritas para seren lidas en voz alta. Nelas, enxálzase a pureza ideolóxica dos constitucionais e a busca dunha sociedade máis xusta na que se palíen as desigualdades entre os diferentes sectores sociais herdeiros do Antigo Réxime e que, na sociedade galega, non acaba de morrer.

Como destaca Javier Fernández Sebastián no caso vasco, as tertulias galegas dos anos 1820 e 1836 non só se redactaban coa finalidade dunha lectura colectiva senón que pretendían fomentar as conversas na rúa. Recollen así o legado de trovadores, cegos, *nouvellistas* e *gazettiers* que, en séculos precedentes, fixeran circular oralmente as noticias por Europa xunto aos primeiros impresos de índole informativa, entre eles os avisos, relacións ocasionais, papeis soltos e gazetas. As diferentes versións achegadas, o carácter dialóxico e mesmo a controversia exposta nalgunha tertulia favorecen, efectivamente, o debate entre os cidadáns. Debemos ter presente que ata ese entón as decisións de transcendencia política tomábanse en altas esferas. Logo da Guerra da Independencia e a proclamación da Carta Magna de Cádiz o cidadán percibe que a súa opinión tamén conta e decide tomar a palabra. Pero para a participación na vida social e política fai falla unha educación e, en certa maneira, un *convite* para que esta sexa efectiva. Os liberais defenden nas tertulias a liberdade de expresión e proclaman o dereito de se pronunciar sobre diferentes aspectos políticos e relixiosos ás persoas consideradas *rústicas*, é dicir, posúan ou non “retrónica”. Estes diálogos escritos, ademais de informar, fomentan a discusión política, o que nos leva novamente a afirmar que a estratexia de comunicación dos seus promotores é non só premeditada senón produto dunha intelixente reflexión sobre o poder da comunicación na sociedade incipiente.

O legado destes textos protoxornalísticos do primeiro terzo do século XIX será herdado por Manuel Fernández Magariños, quen, a mediados de século, editará folletos en galego marcados pola actualidade polo protagonismo do famoso Seor Pedro. Así, no volume *Papés d’emprenta condenada* preséntasenos o primeiro número titulado *Numaro un: Fuliada que fixo o Labrador Seor Pedro*

*porgresista dendes que soupo o pornunciamento dos puebros en favor da libertade* do ano 1840. Na Biblioteca Xeral da USC podemos consultar dixitalmente os seguintes títulos: *Pornunciamento do xulio do ano pasado, espricado po-lo labrador porgresista Seor Pedro* (1858); *Romance gallego no que se esprica o que significa a aparicion do cometa que se presentou a mediados do derradeiro Setembre hastra mediados de Outubro* (1858); *Romance gallego pubricado en cerebridade da vinda de Sabela Segunda, a antigua capital do Reino de Galicia: (no 7 de setembro do ano de 1858) (1858?) e Ferro-carril compostelano: romance gallego en que o labrador Seor Pedro conta a os seus veciños as boas novas que hay pra a construción do Camiño Ferrudo hastra a presente fecha 4 de diciembre de 1862* (1862). O emprego da figura dun labrego como protagonista e o uso do romance acentúan a vontade de difusión popular no relato de acontecementos políticos e sociais. A década dos sesenta verá tamén a publicación na Coruña de *O vello do Pico Sagro*, cabeceira da que Barreiro Fernández indica: “este xornal fundado e dirixido por Francisco de la Iglesia no ano 1860 constitúe a primeira publicación periódica do país redactada integramente en galego. Mingos Gallego, pseudónimo de Francisco de la Iglesia era o redactor”<sup>71</sup>. O autor recorre ao emprego do romance (como no caso do Seor Pedro) e a unha estrutura narrativa que responde á fórmula clásica de presentación-diálogo-despedida para relatar as vicisitudes da guerra de África na boca dos labregos. As loas a Deus e os xenerais, a necesidade da guerra, o valor dos soldados, o relato bélico e a crítica aos que refugan a contenda (“será mouro da mourisma q’este propeo monte ten no foco ventre scondida”) serán referencias constantes, así e como a confluencia do lendario e do histórico nas diferentes entregas. Así, a utilización dos montes galegos como lugares encantados nos que habitan os mouros permítelle ao autor un relato próximo e vitorioso dos galegos, quen loitan contra o mal na propia terra e no continente africano. Veláí a referencia clara ao Pico Sagro como elemento simbólico. Na hemeroteca da Real Academia Galega pódense consultar os cinco exemplares que ata o momento coñecemos (n. 1: 3 de marzo de 1860; n. 2: 24 de marzo de 1860; n. 3: 7 de abril de 1860; n. 4: 14 de abril de 1860 e n. 5: 28 de abril de 1860). Este último está accesible tamén na Biblioteca Xeral da USC.

---

<sup>71</sup> Exposición “Ex libris” comisariada por Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos na Cidade da Cultura de Galicia (25 de novembro 2010 - 25 de febreiro de 2011).

Todas elas constitúen antecedentes directos da primeira gran cabeceira escrita en galego: *O Tío Marcos d'a Portela* de 1876, que logo será seguida —e imitada— na década dos oitenta por outras como *O Galiciano*, *A tía Catuxa* ou *A Monteiro*. Naquel ano de 1876 Valentín Lamas Carvajal decidiu publicar un semanario na nosa lingua que recollese a fonda tradición popular oral e estableceu os seus contidos a partir de parrafeos cos que pensaba chegar máis doadamente ao seu público obxectivo. A creación dun personaxe, o Tío Marcos; o carácter dialóxico ou o emprego da lingua galega son algunhas das características que, nunha primeira aproximación, amosan a pegada das tertulias galegas dos anos 1820 e 1836. A evolución das *letras de molde* será xa imparabile.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALBERT, P. et TERROU, F.: *Histoire de la presse*. París: Presses Universitaires de France, 1977
- ALBUM DE LA CARIDAD: *Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*. Edición costeada por Don José Pascual Cortón a cuyas expensas se celebraron dichos Juegos Florales. A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial, 1862
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, XOSÉ MARÍA: *Escolma de poesía galega, vol. I e II, A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*. Vigo: Editorial Galaxia, 1959
- ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, VICTORIA: “O catecismo do labrego: texto e contextos” en *Actas das Xornadas sobre Lamas Carvajal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2001
- ARMAÑANZAS, EMY e DÍAZ NOCI, JAVIER: *Géneros de opinión*. Bilbao: Universidade do País Vasco, 1996
- BARREIRO FERNÁNDEZ: *Galicia. Historia Contemporánea. Política (Século XIX)*. T. VII [Proxecto editorial creado e dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias]. A Coruña: Hércules Ediciones, 1991
- BOTREL, JEAN-FRANÇOIS: *Libros, prensa y lectura en la España del siglo XIX*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Biblioteca del Libro, 1993
- CABANO VÁZQUEZ, JOSÉ IGNACIO: *A imprenta en Galicia. Século XIX, Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002
- CANO GONZÁLEZ, ANA MARÍA: “Personajes gallegos en textos narrativos de la Tertulia de la aldea, publicación periódica del siglo XVIII” en *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ao profesor Xesús Alonso Montero* / edición coordinada por Rosario Alvarez [e] Dolores Vilavedra. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999. Vol. 2, pp. 285-303
- CARBALLO CALERO, RICARDO: *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Editorial Galaxia, 1981
- CARBALLO CALERO, RICARDO: *Prosa galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*. Editorial Galaxia, 1976
- CARBALLO CALERO, RICARDO: “La constitución del gallego como lengua escrita”, *Verba* 1, 1974, p. 33
- CARRÉ ALDAO, EUGENIO: *La literatura gallega en el siglo XIX*. A Coruña: Librería Regional de Carré, 1903
- CASASÚS, JOSÉ MARÍA e NÚÑEZ LADEVEZE, LUIS: *Estilo y géneros periodísticos*. Barcelona: Ariel Comunicación, 1991
- CHACÓN, RAFAEL: “De novo sobre bibliografía de Pintos e Pondal”, *Grial*, n.º 84. Vigo: Editorial Galaxia, 1984, pp. 227-237
- CHACÓN, RAFAEL: “Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos”, *Grial* n.º 93. Vigo: Editorial Galaxia, 1986, pp. 349-364
- DÍAZ NOCI, JAVIER e DEL HOYO HURTADO, MERCEDES: *El nacimiento del periodismo vasco. Gacetas donostiaras e los siglos XVII y XVIII*. Donostia: Eusko Ikaskuntza, 2003
- DOBARRO PAZ, XOSÉ MARÍA: “Vicente Turnes e a poesía áulica” en J.L. Rodríguez (ed.): *Estudios dedicados a Ricardo Carvalho Calero. T. II Literatura e Miscelánea*. Santiago de Compostela: USC e Parlamento de Galicia, 2000
- DOBARRO PAZ, XOSÉ MARÍA: “Prensa e Literatura galega no século XIX” en VV.AA.: *A nosa literatura: Unha interpretación para hoxe*. A Coruña: Alexandre Bóveda, 1988
- EGIDO LÓPEZ, TEÓFANES: *Prensa clandestina española del siglo XVIII: “El duende crítico”*. Estudios y Documentos. Valladolid: Universidad de Valladolid, 2002

- ESPINAL Y FUSTER, JOSÉ: *Catecismo político, democrático y republicano. Explicación y examen de las cuestiones políticas en forma de diálogo. Obra útil para todas las clases de la sociedad*. Barcelona, 1868
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO: “Breve historia da prensa periódica en Galicia”, *Grial* n.º 100, Tomo XXVI. Vigo: Editorial Galaxia, 1988
- FERNÁNDEZ PULPEIRO, J.C.: *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*. A Coruña: Edición do Castro, 1981
- FERNÁNDEZ SEBASTIÁN, JAVIER: Edición facsímil de *El Correo de Vitoria (1813-1814)*. Edición e estudo introdutorio de Javier Fernández Sebastián. Vitoria: Argitaipena, 1993
- FERNÁNDEZ SEBASTIÁN, JAVIER: *La génesis del fuerismo: prensa e ideas políticas en la crisis del Antiguo Régimen (País Vasco, 1750-1840)*. Madrid: Siglo XXI, 1991
- FERRATER MORA, J: *Diccionario de Filosofía*. Barcelona: Ariel, 1994
- FRESNO, BUENAVENTURA DEL: *Carta de uno de la Tertulia de Burgos á uno de las Alcobas de Salamanca*. Burgos?, 1723
- GARCIA CORTÉS, CARLOS: *O cura de Fruíme. Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777)*. Santiago de Compostela: Instituto Teolóxico Compostelano, 2002
- GARCÍA GARCÍA, JESÚS MARÍA: *Prensa y vida cotidiana en Salamanca (siglo XIX)*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 1990
- GIL NOVALES: *Las sociedades patrióticas (1820-1823): las libertades de expresión y de reunión en el origen de los partidos políticos*. Madrid: Tecnos, 1975
- GOMIS, LLORENÇ: *Teoria dels gèneres periodístics*. Barcelona: Generalitat de Catalunya, 1989
- GOMIS, LLORENÇ: *Teoría del periodismo. Como se forma el presente*. Barcelona: Paidós Comunicación, 1991
- GONZÁLEZ ABRIL: *Teoría general de la información*. Madrid: Cátedra, 1997
- GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA: Silverio Cañada (editor). Xixón, 1974
- GUILLAMET, JAUME: *Història de la premsa, la ràdio i la televisió a Catalunya. 1641-1994*. Barcelona: Edicions La Campana, 1994
- GUILLAMET, JAUME: *Història del periodisme. Notícies, periodistes i mitjans de comunicació*. Aldea Global. Bellaterra: Servei de Publicacions da Universitat Autònoma de Barcelona, 2003
- GUILLAMET, JAUME: “Por una historia comparada del periodismo. Factores de progreso y atraso”. *Doxa Comunicación*, n.º 1: [http://www.uspceu.com/CNTRGF/RGF\\_DOXA03\\_606.pdf](http://www.uspceu.com/CNTRGF/RGF_DOXA03_606.pdf)
- HORTA Y AGUILERA, FRANCISCO DE: *Diálogo curioso en que difine (sic) el cometa o fenomeno caudato, aparecido en Madrid el 24 de enero de este año de 1744: su duracion (sic) tamaño y astrologicas influencias, con una chronología de los fucellos que han acaecido las veces que se han visto otros semejantes con otras curiosidades. Compuesto por el Ingenio cordovés Francisco de Horta y Aguilera, Philomathethico Hippalenfe*. Madrid: 1744
- IGLESIA, ANTONIO DE LA: *El idioma gallego: su antigüedad y vida*. A Coruña: Latorre y Martínez, Imprenta de La Voz de Galicia, 1886
- IGLESIAS DOBARRIO, BALDOMERO e RIVAS CRUZ, XOSÉ LUÍS: *Cantos, coplas e romances de cego*. Recopilación de Mini e Mero. Lugo: Ophiusa Ensino, 2000
- J.S.: *Tertulia indicativa de los males que puede evitar la seria reflexión de los avisos que deriva el cielo á los varones de fina política y sana doctrina: para guiar a los demas hombres por el camino de la luz: manifestada en un diálogo que resume varias tertulias á una sola, en carta que dirige un residente en Madrid a su corresponsal*. Madrid: Librería de Escribano, 1793

- LÓPEZ GARCÍA, XOSÉ (coord.): *El Catón Compostelano. Estudios*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2000
- LÓPEZ GARCÍA, XOSÉ (ed.): *Primeiros diarios galegos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008
- MARCHESE, ANGELO e FORRADELLAS, JOAQUIN: *Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria*. Barcelona: Editorial Ariel, 1986
- MARIÑO PAZ, RAMÓN: *Historia da lingua galega*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1998
- MARIÑO PAZ, RAMÓN (ed.): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz; notas histórico-biográficas de X.R. Barreiro Fernández ; coordinadora da edición Rosa Aneiros Díaz; [prólogo, Xosé López García, Henrique Monteagudo]. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008. Acceso libre en: [http://consello-dacultura.org/mediateca/extras/papes\\_demprenta.pdf](http://consello-dacultura.org/mediateca/extras/papes_demprenta.pdf)
- MARISCAL TRUJILLO, ANTONIO: *La tertulia española: Sus orígenes y tradición en la provincia de Cádiz*. Cádiz: Eje editorial, 1998
- MATEU I SMANDIA, FRANCESC: *Compendi o breu explicació de la doctrina christiana en forma de diàlogo entre pare y fill que per la instrucció de sos feligresos*. Barcelona: Estampa de Miquel i Tomàs Gaspar, [1849] <http://mdc.cbuc.cat/cdm4/document.php?CISOROOT=/fonsFerran&CISOPTR=16288&REC=18>
- MONTEAGUDO, HENRIQUE: *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Vigo: Editorial Galaxia, 1999
- MORALES MUÑOZ, MANUEL: *Los catecismos en la España del siglo XIX*. Málaga: Universidad de Málaga, 1990
- NÚÑEZ DE PRADO Y CLAVELL, SARA M.: *Los antecedentes del periódico de masas: ocasionales, canards y almanagues*. Madrid: Universidad Europea de Madrid CEES, 1997
- ODRIOZOLA, A. e BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: *Historia de la imprenta en Galicia*. A Coruña: Galicia Ediciones, 1991
- PASCUAL, PEDRO: “Felipe V, un rey con buena prensa”, *Revista Historia* 16, 2001 ABR; 25 (300)
- PASCUAL, PEDRO: “Gacetas y postas en el siglo XVIII”, *Revista Historia* 16, 2001 ABR; 25 (300)
- PARDO DE NEYRA, XULIO: *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago: Laivento, 2002
- PENA, XOSÉ RAMÓN: “Diálogo entre Dominjos e Farruco sobre Administrason de xústicia da sua aldea (texto esquecido de 1820)”, *A Trabe de Ouro*, n.º 8. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1991, pp. 591-595
- PENA, XOSÉ RAMÓN: “Sigue la Tertulia en la Quintana ó segundo Dialogo entre los consabidos Andrúco, Xâcobe é Alberte (texto esquecido de 1820)”, *A Trabe de Ouro*, n.º 21. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1995, pp. 117-123
- RADA Y DELGADO, JUAN DE DIOS DE LA: *Viaje de SS.MM. y AA. por Castilla, León, Asturias y Galicia, verificado en el verano de 1858*. Madrid, 1858
- RIVAS TROITIÑO, JOSÉ MANUEL: “Don Diego Antonio Zernadas, un periodista gallego en el siglo XVIII”, *Estudios sobre el mensaje periodístico*, n.º 4. Madrid: UCM, 1998, p. 165
- SÁNCHEZ ARANDA, JOSÉ JAVIER: “La actividad periodística en la región vasco-navarra a principios del siglo XIX” en TUÑÓN DE LARA, MANUEL: *La prensa de los siglos XIX y XX. Metodología, ideología e información. Aspectos económicos y tecnológicos*. I Encuentro de Historia de la Prensa. Universidade do País Vasco, 1986



- SÁNCHEZ ARANDA, JOSÉ JAVIER e BARRERA DEL BARRIO, C.: *Historia del periodismo español desde sus orígenes hasta 1975*. Barcelona: Euns, 1992
- SÁIZ, MARÍA DOLORES: *Historia del periodismo en España*. Vol. 1. *Los orígenes. El siglo XVIII*; Vol. 2. *El siglo XIX*. Madrid: Alianza Universidad Textos, 1983
- SANTAMARÍA SUÁREZ, LUISA e CASALS CARRO, MARÍA JESÚS: *Géneros para la persuasión en periodismo*. Madrid: Fragua Editorial, 1997
- SANTOS GAYOSO: *Historia de la prensa gallega, 1800-1986*. Sada: Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 1990
- SARMIENTO: *Coloquio de vinte catro galegos rústicos*. Fr. Martín Sarmiento; edición crítica e estudo introductorio de Ramón Mariño Paz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995.
- SCHULZE SCHNEIDER, INGRID: *El poder de la propaganda en las guerras del siglo XIX*. Madrid: Arco Libros, 2001
- SOTO Y FREIRE, M.: *La imprenta en Galicia*. Vigo: Edición Círculo de las Artes, 1982
- SOTO Y FREIRE, M.: *Tertulia de la aldea y miscelánea curiosa de sucesos notables, aventuras divertidas y chistes graciosos para entretenerse en las noches de invierno y del verano*. Madrid: Imprenta de don Manuel Martín, 1775
- SOTO Y FREIRE, M.: *Tertulia jocosa de unos pobres mendigos y contándose sus cosas se hacen amigos*. Madrid, 1832
- SOTO Y FREIRE, M.: *Cartilla de la Constitución democrática española promulgada el día 6 de junio de 1869: dispuesta en diálogo... por la redacción de El Matisterio Español*. Madrid, 1870
- VV.AA.: *La prensa española durante el siglo XIX. I Jornadas de especialistas en prensa regional y local*. Almería: Diputación Provincial de Almería, 1987
- VV.AA.: *Metodología de la historia de la prensa española*. Madrid: Siglo Veintiuno de España Editores S.A., 1982
- VV.AA.: *Xornalistas con opinión*. Vol. 1. Vigo: Editorial Galaxia e Consello da Cultura Galega, 2008
- VV.AA.: *Xornalistas con opinión*. Vol. 2. Vigo: Editorial Galaxia e Consello da Cultura Galega, 2010